

**MARTIÑO
NORIEGAMÁIS
FUTURO
PARA SANTIAGO**

**PROXECTO DE CIDADE
E PROGRAMA ELECTORAL
2019-2023**



**MARTIÑO
NORIEGA MÁIS
FUTURO
PARA SANTIAGO**

1. A COMPOSTELA GRAN CAPITAL

- 1.1 A gran capital**
- 1.2 Un novo Concello**
- 1.3 Cidade Innovadora**
- 1.4 Aeroporto Rosalía de Castro**
- 1.5 Universidade**
- 1.6 Deputación**
- 1.7 Capital de Galicia**

2. A COMPOSTELA QUE AVANZA

- 2.1 Finanzas xustas**
- 2.2 Desenvolvemento Económico**
- 2.3 Talento para Santiago**
- 2.4 Comercio e Mercados**
- 2.5 Industrializar Santiago**
- 2.6 Gobernanza do Turismo**
- 2.7 Recuperar para o ben común**

3. A COMPOSTELA PARA VIVIR

- 3.1 Mobilidade**
- 3.2 Cidade Habitable**
- 3.3 Humanización dos Barrios**
- 3.4 Querer é manter**
- 3.5 Pacto polo rural**
- 3.6 Sustentabilidade é porvir**
- 3.7 Auga e residuos**
- 3.8 Benestar animal e biodiversidade**

4. A COMPOSTELA DOS COIDADOS

4.1 Dereitos sociais para todas as persoas

4.2 Dereito á saúde

4.3 Territorio Feminista

4.4 Contra as violencias machistas

4.5 Compostela LGTBI+

4.6 Centros Cívicos

4.7 Cidade Educadora

4.8 Santiago Solidario

5. A COMPOSTELA QUE LATEXA

5.1 A cultura, un ben para todas

5.2 Festas e Xacobeo

5.3 Deporte é saúde

5.4 Xuventude activa

5.5 Democracia para decidir

5.6 Memoria e Patrimonio

5.7 Galega e Universal

MARTIÑO NORIEGAMÁIS FUTURO PARA SANTIAGO

Compostela Aberta ten un proxecto para Santiago que se traduce nun programa de goberno realista e que planifica máis futuro para todas e todos. Un programa que quere dar resposta global e colectiva aos desafíos que temos por diante. A Compostela que queremos máis é diversa e policromática. A Compostela gran capital é aquela que terá un Concello novo, máis moderno e máis eficiente, adaptado á nosa realidade metropolitana. A Compostela que avanza é aquela que ten un programa económico que aposta pola gobernanza do turismo, polas finanzas xustas e por unha nova economía. A Compostela para vivir é aquela que planifica a súa mobilidade, que ten unhas estratexias para humanizar os barrios e que sabe que o porvir pasa pola sustentabilidade. A Compostela dos cidadáns é aquela dos dereitos sociais e feminista, a que non deixa a ninguén atrás e a que cuida da súa cidadanía. A Compostela que latexa é aquela que se reconece na súa cultura, na memoria e o patrimonio que a definen, unha cidade deportista, galega e universal. Todas estas Compostelas están reflectidas nese Santiago para o que queremos máis futuro.

A COMPOSTELA GRAN CAPITAL

MARTIÑO
NORIEGAMÁIS
FUTURO
PARA SANTIAGO

1. A COMPOSTELA GRAN CAPITAL

A Compostela gran capital é a que desborda os seus actuais límites administrativos. Santiago de Compostela é a capital de Galicia e a terceira área metropolitana do noso país. Unha capital da que fan parte os nosos municipios veciños, nomeadamente Ames e Teo, e que no seu conxunto constitúe unha das áreas máis dinámicas do país. Na nosa cidade caben moitas “Compostelas”: a da xente de sempre, a de quen está de paso, a Compostela de quen chega para quedarse, a Compostela de quen ven a mercar, a traballar, a estudar, por lecer... Somos a capital de Galicia, a capital da nosa comarca, e tamén unha capital emocional para os millóns de persoas que, por distintos motivos, nos visitan cada ano. Somos referente na preservación da nosa historia e cultura, pero tamén na nosa vitalidade diaria e no proxecto futuro, na innovación e no coñecemento. Somos destino turístico, espiritual, cultural e vital, e a porta de entrada no país a través do Aeroporto Rosalía de Castro e da futura Intermodal.

Todas esas “Compostelas” precisan respostas que faciliten as vidas de todas as persoas implicadas. Respostas que pasan por termos un concello máis grande e máis forte, con máis capacidade e autonomía, con novas ferramentas administrativas e con maior financiamento; que vexa reforzada a súa capacidade de actuar e de coordinar os servizos que a cidadanía demanda. Respostas para a xente do común, para as persoas.

1.1 A gran capital

É o momento de falar da nosa cidade nos seus termos reais. Compostela soborda os límites administrativos do termo municipal e lidera unha área extensa fragmentada en varios municipios. Somos referencia administrativa, económica e social para moita máis xente da que está censada en Santiago. Iso supón unha serie de retos, pero tamén de oportunidades que debemos xestionar correctamente. É necesario pór o Concello ao servizo da cidadanía e do tecido asociativo para que sexa un dos motores de reivindicación para a mellora da cidade. Así o fixemos no caso das tres grandes infraestruturas que lle demandamos ao Estado e que, grazas ao goberno de Compostela Aberta, hoxe están máis preto que nunca de seren unha realidade.

1. Fusión de municipios

Iniciaremos o procedemento de fusión cos municipios limítrofes, lanzando a proposta a Ames e Teo. No caso de chegar a acordos, avanzaremos na fusión de municipios rematando así con varias barreiras artificiais como a dos 100.000 habitantes (que permitirá acceder a maior financiamento) ou a territorial (que permitirá unha mellor mobilidade e servizos).

2. Os distritos de Compostela

A Lei de Grandes Cidades, pola que se rexe Santiago, permite a división administrativa do noso termo municipal e a instauración de distritos. Estudaremos e implementaremos os novos distritos para que a fusión cos municipios limítrofes signifique máis e mellores servizos, tamén para os barrios e parroquias do actual Santiago, cunha administración descentralizada que aumente a calidade da atención á cidadanía.

3. Área Metropolitana

Xunto coa fusión de municipios apostaremos pola constitución dunha verdadeira Área Metropolitana de Santiago, que soborde os límites provinciais para axustarse á súa configuración natural. Dese xeito, reclamaremos á Xunta que exerza na ordenación do territorio, para que a área de Compostela articule os municipios do sur da actual provincia da Coruña e os do norte da provincia de Pontevedra.

4. Sumando cidade

Nestes catro anos abrimos o Pazo de Raxoi e colocámolo ao servizo das demandas reais da xente e das súas necesidades para construír a gran capital. Por iso, abandonamos os proxectos megalómanos para centrar o noso esforzo nas tres grandes infraestruturas imprescindibles para Compostela, e que conseguimos desbloquear. No próximo mandato continuaremos a traballar conxuntamente coa sociedade organizada -asociacións, Cámara de Comercio, entidades sociais,...- para pór o Concello ao servizo das persoas e continuar a sumar cidade, tecendo sinerxias e crecendo desde o consenso e o acordo.

5. Estación Intermodal

Compostela Aberta conseguiu aprobar o proxecto da nova estación intermodal, unha infraestrutura que mellorará as comunicacións da capital de Galicia co resto da península e que implantará a intermodalidade entre os medios de transporte colectivos e particulares. Agora, garantiremos que a Intermodal sexa a oportunidade para unir o Ensanche e a Pontepedriña, superando a trincheira ferroviaria e suturando a fenda entre ambos barrios.

6. Orbital e conexións norte

Compostela Aberta mantivo neste mandato a esixencia ao Goberno do Estado da construción do orbital, para mellorar a conexión dos polígonos do Tambre e da Sionlla coa AP-9 e a A-54. Conxuntamente co tecido empresarial, conseguimos que o Goberno de Rajoy orzara a infraestrutura, que agora licitou o Goberno de Pedro Sánchez. No próximo mandato velaremos por que as obras se executen con celeridade, porque o orbital é unha ferramenta imprescindible para o noso desenvolvemento industrial e urbanístico.

7. EDAR da Silvouta

Máis de vinte anos despois de que se comezara a falar da necesidade dunha nova depuradora, foi Compostela Aberta quen asinou por primeira vez co Estado un convenio para solucionar o problema de saneamento do río Sar. Apostamos por un proxecto tecnoloxicamente punteiro, cun menor impacto económico e ambiental, e nunha localización, A Silvouta, que conta con consenso social. No próximo mandato, traballaremos da man con Acuaes para que Santiago teña por fin a EDAR que necesita.

1.2 Un novo Concello

Hai catro anos, a situación interna do Concello de Santiago era dun notable deterioro, do punto de vista da función pública e da súa organización interna. Este mandato foi o de reconstruír os circuitos e o de recuperar a confianza na institución para termos garantías no liderado do país. O impulso conxunto de cidadanía e Goberno logrou superar a decadencia na que nos deixaron os últimos bipartitos PSOE-BNG e, sobre todo, o goberno dos 3 alcaldes do PP. Agora podemos afrontar novos retos cunha estrutura administrativa que sexa realmente útil para as persoas. Compostela Aberta é a única forza que pode asegurar a súa independencia respecto de estratexias políticas que veñen de fóra de Santiago, e a única que ten como eixo político fundamental a defensa dos intereses da veciñanza. Por iso, demandaremos aos gobernos galego e español que revertan as políticas que reduciron a autonomía municipal. Somos a institución máis próxima á cidadanía e a que mellor pode atender a súas necesidades, mais para iso debemos recuperar as nosas competencias. É por todo isto que, desde o municipalismo, queremos construír un Concello novo.

8. Autonomía e financiamento municipal

Para lograr unha maior autonomía de actuación, esixiremos a fin das restricións á incorporación de persoal e ao uso do superávit económico. Tamén reclamaremos un novo modelo de financiamento local, que respecte a autonomía municipal para prestar os servizos que son da súa competencia e que se adapte á nosa realidade territorial na participación dos tributos do Estado.

9. Administración Electrónica

Concluiremos a implantación da administración electrónica iniciada neste mandato para modernizar o Concello e mellorar a relación coa cidadanía. A nova plataforma, na que se investiron preto de dous millóns de euros, permitirá dotar ao Concello dunha sede electrónica, dun rexistro electrónico e dun novo xestor de expedientes, instrumentos que mellorarán a transparencia e axilizarán a relación da veciñanza coa administración local.

10. Tarxeta cidadá

Implementaremos unha tarxeta cidadá que, grazas á nova plataforma dixital no Concello e aos fondos da EDUSI, simplifique o acceso a servizos municipais. A tarxeta unificará a xestión e a solicitude de equipamentos como centros cívicos, contedores culturais, infraestruturas deportivas ou servizos sociais. Incorporará os beneficios da Bono C cultural e será un documento clave para recoñecer e facilitar de forma máis efectiva os procesos de inclu-

sión social, autonomía e participación en igualdade de oportunidades nos servizos e vida da cidadanía.

11. Pago fraccionado de impostos

Implantaremos o pago de impostos “á carta”, de forma que a veciñanza poida escoller o modo de abono e a periodicidade que mellor se adapte ás súas necesidades (mensual, bimestral, trimestral ou semestral).

12. Derogación da Lei Montoro

Seguiremos reivindicando ao Estado a supresión da Lei de Racionalidade Orzamentaria e Sustentabilidade Orzamentaria, coñecida como “Lei Montoro”, de maneira que se eliminen o teito de gasto e a taxa de reposición do persoal das administracións municipais.

13. O IBI da Igrexa

Demandaremos ao Estado que compense a Santiago por non poder cobrar o IBI á Igrexa Católica, no caso de que non se anulen as vantaxes fiscais do Concordato asinado en 1979. Ademais, continuaremos coa revisión e control daqueles supostos nos que a Igrexa non está exenta de tributar, como no caso dos inmobles nos que se desenvolven actividades económicas.

1.3 Cidade Innovadora

O proxecto de cidade innovadora será fundamental para prestar servizos máis eficientes e de maior calidade. Santiago forma parte da “Asociación Red INNPULSO”, a Rede de Cidades da Ciencia e da Innovación. Neste marco, fomos a primeira cidade de España en firmar un convenio co Ministerio de Economía para o fomento de compra pública innovadora, convenio que complementamos coa sinatura de acordos de colaboración coas universidades de Santiago e da Coruña para pór en valor a innovación desenvolvida polos seus grupos de investigación. Agora toca recoller todo o sementado e dar un salto cualitativo que nos sitúe na vangarda tecnolóxica.

14. Compra Pública Innovadora

Seguiremos desenvolvendo, en colaboración coa Universidade, o proxecto Smartiago de compra pública innovadora. O programa suporá o investimento de máis de cinco millóns de euros procedentes de fondos europeos na mellora de servizos relacionados coa mobilidade, a recollida de lixo, o alumeadado público e a conservación patrimonial.

15. Carga e descarga eficiente na zona vella

Aplicaremos novas fórmulas de xestión da carga e descarga na zona histórica a través dun centro para reparto de mercadorías de última milla, con vehículos ecolóxicos. Achegaremos solucións innovadoras e eficientes para o guiado de tráfico e o control de estacionamento de residentes en zona azul.

16. Mantemento do patrimonio

Innovaremos no mantemento de fachadas patrimoniais coa utilización de luz artificial, e desenvolveremos novas solucións para o alumeado ornamental da cidade histórica de acordo cos últimos avances científicos e industriais.

17. Espazo Maker

Promoveremos e apoiaremos a creación dun espazo de innovación onde a comunidade 'maker', as persoas emprendedoras e as mellores industrias locais poidan colaborar en desafíos conxuntos, para facilitar a creación de novas iniciativas empresariais e a incorporación de persoal de alta cualificación.

1.4 Aeroporto Rosalía de Castro

O aeroporto de Santiago-Rosalía de Castro na Lavacolla é a principal conexión aérea de Galicia, porque ten a infraestrutura máis moderna e a mellor localización, cunha posición central no país. É preciso que a nosa terminal estea coordinada cos outros dous aeroportos galegos, para aproveitar sinerxias e potencialidades. O Rosalía de Castro-Lavacolla continúa a bater marcas de pasaxeiros, pero aínda así cómpre esixir á Xunta que exerza as súas competencias para mudar a competición entre terminais por unha verdadeira coordinación e colaboración.

18. Coordinación aeroportuaria

Seguiremos esixindo, como no mandato concluído, que a Xunta de Galicia asuma un papel activo na coordinación aeroportuaria. O comité de coordinación, do que participan todas as administracións implicadas, é un instrumento escasamente empregado ata agora, malia a que debe ser fundamental para que as tres terminais galegas sumen e eviten a competencia desleal que lastra o noso crecemento.

19. Ente galego de captación de rutas

Na cooperación entre aeroportos gaña Galicia. Na competición, só gaña Porto. Por iso seguiremos loitando por un ente conxunto no que colaboren concellos, Xunta, Deputacións e Aena, no que se coordinen e definan as políticas aeroportuarias, e no que se acorde o reparto de fondos.

20. Mellor conectividade e novas rutas

Melloraremos a conectividade internacional de Santiago, poñendo o foco no aumento de frecuencias e no establecemento de novas rutas, nomeadamente cos nosos principais mercados turísticos. Reforzaremos as conexións aéreas con Barcelona, ante o previsible axuste da conexión con Madrid tras a chegada do AVE.

1.5 Universidade de Santiago de Compostela

A de Santiago é a universidade referente para o conxunto do país, alén dunha das máis destacadas e antigas de Europa. O goberno de Compostela Aberta ten iniciado vías de colaboración coa USC, para reforzar sinerxias e aproveitar a súa potencialidade como fonte de coñecemento. Na relación da institución académica co resto da cidade, cómpre dar resposta ao encaixe urbanístico dos Campus e poñer en valor o impacto económico que supón a USC para a cidade, así como o seu efecto de atracción de poboación.

21. Transferencia de coñecemento

Manteremos a liña iniciada nos anos anteriores que permitiu que diferentes departamentos da USC foran un apoio técnico esencial para resolver problemas como o das músicas ao vivo, a EDAR, ou a memoria histórica. Potenciaremos esta colaboración, sobre todo nas áreas de biomedicina e biotecnoloxía.

22. Uninova coa innovación empresarial

Potenciaremos o labor desenvolvido por Uninova, a sociedade para a promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras impulsada pola USC e o Concello. Ao seu abeiro, colaboraremos na implementación de fondos obtidos en proxectos estatais e europeos, para conseguirmos unha Compostela que sexa capital das empresa innovadoras.

23. Humanización do Campus

Un dos principais retos que temos por diante como cidade é o de repensar o Campus Vida, o Campus Sur. Asinaremos o convenio que impulse o encaixe definitivo da zona universitaria na trama urbana de Santiago, con solucións consensuadas coa comunidade universitaria e co tecido asociativo.

24. Xardín Botánico

Compostela Aberta comparte con numerosas entidades sociais a necesidade de volver impulsar o proxecto do Xardín Botánico de Santiago, polo seu interese en termos de educación e investigación ambiental, polo seu atractivo turístico, e porque sería un importante espazo recreativo para a veciñanza. Por iso apoiaremos a Comisión Cidadá xa constituída, e acompañarémola na súa reivindicación deste novo equipamento público.

25. Partillar equipamentos

Neste catro anos abrimos a vía de partillar equipamentos coa USC, como os campos de fútbol e rugby ou o novo Centro Cívico para a zona vella. No próximo mandato ampliaremos esta colaboración, sobre todo no relativo a infraestruturas deportivas como as pistas de Atletismo ou a piscina universitaria.

26. Comisión de seguimento USC-Concello

O Concello e a Universidade deben ter unha relación o máis estreita posible. Para conseguilo, proporemos a constitución dunha comisión de seguimento na que ambas institucións aproveiten ao máximo as sinerxias e potencien a súa colaboración.

1.6 Deputación

A chegada de Compostela Aberta á Deputación da Coruña foi unha oportunidade para mudar as políticas caciquís dos gobernos anteriores. Somos conscientes da necesaria desaparición da administración provincial, mais esta medida corresponde a outros ámbitos de decisión e non será inmediata, e por iso o que toca agora é reclamar a súa xestión baixo criterios obxectivos e de transparencia. Neste mandato logramos, desde a Deputación, reactivar proxectos importantes para Santiago como o da Vía Verde; e o apoio a outros igualmente estratéxicos como a apertura da ludoteca María Miramontes, a celebración da Supercopa da ACB en Santiago ou a recuperación do legado Maside para a súa exposición pública. Nos próximos catro anos seguiremos traballando desde a Deputación para atender as necesidades de Compostela.

27. Infraestruturas

Traballaremos para lograr a execución das infraestruturas proxectadas neste período, asegurando a intermediación entre a Deputación e a veciñanza de Santiago. Vixiaremos que os investimentos provinciais se rexan por criterios de racionalidade, beneficiando ao conxunto da cidadanía, e evitando usos partidarios do pasado.

28. Senda peonil de Figueiras

As nosas demandas traducíronse no pasado mandato na aprobación do proxecto da senda peonil que conecta a cidade co acceso ao Pedroso e coa parroquia de Figueiras. No próximo mandato, aseguraremos a execución das obras, demandadas pola veciñanza desde hai décadas.

29. Senda peonil na Peregrina

O pasado ano, a Deputación recuperou un proxecto de 2011 para a ampliación da estrada entre A Peregrina e Pontealbar, que non contempla itinerarios peonís seguros e que non foi actualizado. Recollendo a demanda da parroquia, esixiremos que esta actuación inclúa solucións para que a veciñanza se poida desprazar a pé, de maneira segura.

30. Ampliación da estrada de Villestro

Neste mandato logramos trasladar esta histórica demanda e a Deputación redactou un proxecto para a primeira fase das obras. Agora, vixiaremos a execución do proxecto e reclamaremos que se aprobe unha segunda fase da ampliación, ata Reborido.

31. Vía Verde Santiago-Oroso-Ordes-Tordoia -Cerceda

Tras reactivar o proxecto existente e amplialo a novos concellos, no próximo mandato lograremos a súa execución, recuperando un espazo degradado e cunha enorme potencialidade. A Vía Verde vertebrará a mobilidade sostible da zona norte de Santiago e contribuirá a diversificar a nosa oferta de ocio.

32. Representación do Partido Xudicial

Constituiremos, novamente, a chave para a formación dun goberno progresista que impulse un cambio das políticas tradicionais da Deputación. Desde esa posición, estableceremos sinerxias con forzas afíns que teñan representación provincial, e tamén ofreceremos a nosa colaboración a aqueles concellos do partido xudicial que se queiran sentir representados por nós.

33. Unha Deputación diferente

Mentres continúen existindo, as Deputacións deben transformarse en organismos de prestación de servizos aos concellos, imitando modelos existentes e de éxito como o da Deputación de Barcelona. Rexeitaremos e perseguiremos os abusos partidistas aos que se viña sometendo a institución, tanto no referente aos recursos económicos, como no uso de medios e de persoal. Esixiremos a renuncia ás competencias impropias e duplicadas, que deberán ser exercidas pola Xunta de Galicia, liberando fondos para os concellos.

1.7 Capital de Galicia

Santiago é a capital de Galicia, unha responsabilidade que exercemos con orgullo e que fai que Compostela estea chamada a liderar o noso país. Somos tamén a porta de entrada dos millóns de visitantes que se achegan á nosa terra cada ano, e somos patrimonio da humanidade. Características que esixen ferramentas propias de financiamento que axuden a manter a nosa singularidade e a afrontar os novos retos. A nosa relación co goberno galego sempre foi tecida desde o respecto institucional, aínda que, en grande medida, non fomos correspondidos co mesmo trato. Sempre esixindo respostas ás demandas cidadás, foi nestes catro anos que logramos a execución de proxectos autonómicos que estaban atascados como o da variante de Aradas. Para o próximo mandato continuaremos a exercer de capital e demandaremos da Xunta de Galicia que feche os numerosos cuestións que ten pendentes con Compostela.

34. Estatuto de Capitalidade

Solicitaremos a revisión das achegas da Xunta vinculadas ao Estatuto de Capitalidade e os custes que exercer de capital do país lle supón a Santiago. Estas partidas orzamentarias están conxeladas desde o ano 2014 en 2,3 millóns de euros, e moi lonxe dos 5,5 millóns de euros nos que se calcularon os gastos da capitalidade nun estudo da USC de 2008, que posiblemente xa estea desfasado e sexa preciso actualizar.

35. Consorcio de Santiago

Esixiremos que as administracións implicadas -Concello, Xunta e Estado- aumenten o seu compromiso con esta ferramenta de capitalidade imprescindible para o noso desenvolvemento. Incidiremos especialmente na achega anual da Xunta, que ten alcanzado os 6,5 millóns de euros, pero que desde 2009 está conxelada en 4 millóns menos.

36. Cidade da Cultura

Continuaremos a traballar para que esta infraestrutura teña unha mellor conexión co conxunto da trama urbana. Neste mandato conseguimos a saída da AP-9 no Gaiás, e agora toca avanzar na conexión con sendas peonís e desde o barrio de Sar. Ademais, esixirémolle á Xunta de Galicia unha comisión de colaboración para que a programación da Cidade da Cultura se coordine mellor coa programación municipal ou coa existente en xeral na cidade.

37. Parque comarcal de Bombeiros

Compostela debe contar con capacidade suficiente para atender ás súas propias emerxencias, e ademais liderar os servizos na comarca. Continuaremos a traballar con Deputación, Xunta e Estado para lograr un acordo de comarcalización, superando os límites que impón o Goberno central á contratación de novos efectivos, e habilitaremos un novo parque de bombeiros á altura do que a capital merece.

38. Cidade da raqueta

Demandaremos a implicación do goberno galego para desenvolver unhas novas instalacións públicas para a práctica de bádminton, squash e tenis de mesa, modalidades deportivas nas que Santiago ten alcanzado nos últimos anos numerosos éxitos. Será un proxecto de cidade que poderá acoller todo tipo de competicións locais, estatais e internacionais, que sexa centro de tecnificación deportiva e que conte coa posibilidade de residencia temporal para deportistas.

39. Ampliación do Conservatorio

Solicitaremos a ampliación do Conservatorio de Música, un edificio pensado para 300 alumnos e alumnas pero que acolle desde hai máis dunha década a medio milleiro, e iso sen satisfacer a demanda de matrícula. O centro depende directamente da Consellaría de Educación e, desde o Goberno, Compostela Aberta xa ten manifestado a dispoñibilidade municipal para ceder a parcela anexa ao edificio actual e posibilitar a ampliación.

40. Incremento de prazas na EOI

Continuaremos a solicitar o incremento de prazas da Escola Oficial de Idiomas, que a día de hoxe non atende a demanda dunha cidade cunha ampla comunidade educativa e empresarial. Nesa liña, esixiremos da Xunta un estudo rigoroso que permita planificar o uso e optimización de todos os equipamentos educativos na cidade.

41. Nova residencia nas Fontiñas

Priorizaremos co goberno galego a construción da nova residencia para persoas maiores nas Fontiñas, onde o Concello xa ten cedida unha parcela municipal próxima ao conxunto deportivo do Multiusos e á senda verde das Brañas do Sar. En Santiago viven soas máis de 3.000 persoas maiores de 65 anos, e iso fai imprescindible a construción deste tipo de equipamentos.

42. Novo Centro de Saúde en Conxo

Reactivaremos a demanda histórica dun novo centro de saúde en Conxo, que atendería a unhas 20.000 persoas. Unha década despois da sinatura do primeiro convenio entre o Concello e a Xunta para a construción dese equipamento marcarémonos como prioridade desatascar esa promesa histórica que se fixo aínda máis necesaria por mor do incremento poboacional.

43. Construción de vivenda pública

A Xunta de Galicia é quen ten competencias en materia de vivenda, e desde o Concello demandarémolle que impulse un plan de promoción pública que ofrezca respostas ás máis de 500 persoas inscritas no rexistro único de demandantes de vivenda protexida. Compostela merece que se constrúa vivenda pública, non só polo nulo investimento da última década, senón tamén porque é unha cuestión fundamental para corrixir as desigualdades sociais.

44. Restablecer o 061 en Santiago

O traslado á Estrada do servizo de coordinación do 061 e do 112 afecta a 250 familias de Compostela que se viron prexudicadas por esta decisión sen verse compensadas polo goberno autonómico. Demandaremos revertir este traslado forzoso, e non xustificado, porque non vai mellorar o servizo que se prestaba dende Compostela.

45. Taxa turística

Insistiremos para que a Xunta estude vías para que a actividade turística contribúa á economía local achegando tamén recursos para a mellora da calidade de vida da veciñanza. Proporemos unha taxa turística como xa existe nos mellores destinos do mundo, e que facilitaría o mantemento dos espazos e os barrios fronte aos efectos dos fluxos turísticos.



**A COMPOSTELA
QUE AVANZA**

**MARTIÑO
NORIEGAMÁIS
FUTURO
PARA SANTIAGO**

2. A COMPOSTELA QUE AVANZA

A Compostela que avanza é aquela que ten un programa económico xusto e que procura o emprego de calidade. Santiago de Compostela é unha cidade na que os servizos teñen unha enorme importancia. As administracións públicas, o turismo e ser eixo comercial, dunha importante área, provocan que este sexa sector principal da economía. É por iso que consideramos que consideramos necesario fortalecer outros sectores como o secundario, co obxectivo de diversificar a nosa economía, ao tempo que a fortalecemos. Por iso lideraremos dende o Concello a mesa pola reindustrialización, creada neste mandato con outras administracións como a Xunta, a Cámara de Comercio e a USC, tras quedar demostrada a falta de interese real do Goberno galego no proxecto. A Gobernanza do Turismo responsable é fundamental para que todos os récords destes anos repercutan no conxunto da veciñanza dunha cidade que non pode vivir sen turismo, pero tampouco só do turismo. Por iso aumentaremos o control sobre os apartamentos turísticos irregulares.

A loita contra a precariedade laboral é outro dos nosos grandes retos. Seguiremos impulsando iniciativas como os obradoiros de emprego xuvenil, os programas laborais para a mocidade e as axudas ás mulleres emprendedoras. Manteremos a colaboración e dinamización do pequeno comercio, evitando o establecemento de grandes zonas comerciais proxectadas nos anos da burbulla. E nos impostos, témolo claro: queremos unha fiscalidade máis xusta e honesta, na que pague menos quen menos ten. Con ese obxectivo, nestes 4 anos incrementamos as bonificacións fiscais aos colectivos máis vulnerables e puxemos en marcha un Plan de Loita contra a Fraude Fiscal que seguiremos reforzando.

2.1 Finanzas xustas

Implantar medidas de progresividade fiscal desde o Concello é un reto, polas dificultades que impón o Estado. Porén, no pasado mandato afrontamos ese reto e logramos instaurar todas as rebaixas fiscais que permite a lei: somos, con diferenza, a cidade galega con bonificacións do IBI máis importantes, e na que este imposto é máis progresivo. É dicir, que paga menos quen menos ten.

E seguiremos apostando polo equilibrio fiscal a nivel territorial, con descontos fiscais para o rural. Porque Compostela non é só a cidade, e porque non é xusto pagar o mesmo tendo menos servizos.

46. Revisión do catastro no rural

Revisaremos á baixa a ponencia dos valores catastrais no rural de Santiago, realizada pola Dirección Xeral do Catastro (dependente do Ministerio de Fomento) no ano 2008, e que remata no ano 2019.

47. IBI rústico

Rebaixaremos o tipo medio do IBI rústico e manteremos as exencións para os recibos de menos de 10 €, apostando polo equilibrio territorial e fomentando a igualdade de servizos e oportunidades para as persoas que residen nas parroquias.

48. Bonificacións fiscais

Seguiremos mellorando as bonificacións fiscais para as persoas con máis necesidades económicas e teremos en consideración a situación económica e social nos impostos que o permitan, establecendo desgravacións.

49. Excepcións no IBI

Exceptuaremos a obriga de repercutir o IBI aos inquilinos nos alugueres residenciais con renda limitada, cando o propietario e arrendador sexa a administración pública

50. Taxas de uso do espazo público

Reestruturaremos as taxas que regulan o uso privado do espazo público como caixeiros, pasos de vehículos, ou espazo radioeléctrico, con baremos progresivos en función do tipo e a intensidade do uso.

51. Loita contra a fraude fiscal

Seguiremos a loitar contra a fraude fiscal, centrando os esforzos da inspección fiscal nas grandes empresas e nos impostos como o IAE (Imposto de Actividades Económicas) e o ICIO (Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras).

52. Xestión financeira

Continuaremos coa reestruturación da xestión financeira para establecer unha política de gastos e ingresos xusta, que centre o gasto público nas áreas que axudan a reducir as desigualdades sociais e promoven o equilibrio territorial.

53. Fondo de Crédito Municipal

Implantaremos un Fondo de Crédito Municipal para apoiar o financiamento da economía social e solidaria da nosa cidade.

54. Banca Ética

Impulsaremos a colaboración coa banca ética e as cooperativas de aforro desde os servizos municipais.

2.2 Abrir a economía

Compostela Aberta captou máis de 20 millóns de euros de fondos europeos para obras e programas de emprego que beneficiaron a centos de mozas e mozos. No próximo mandato, seguiremos apostando polo emprego de calidade e non pola precariedade; traballaremos para garantir o desenvolvemento en clave de proximidade, apostando por iniciativas que teñan impacto económico, social e medioambiental e nas que a propia cidadanía poida exercer o liderado. Desenvolveremos o Plan de Reindustrialización para que Compostela sexa líder nos sectores da Biotecnoloxía e da Madeira no polo industrial do Polígono da Sionlla, e crearemos un programa de liderado e emprendemento para mulleres. Ademais, axudaremos ás pequenas empresas cun programa municipal de microcréditos.

55. Servizo de apoio á economía social

Impulsaremos un servizo de apoio ao emprendemento social colaborativo e fortaleceremos iniciativas do ámbito da economía social e solidaria (cooperativas, terceiro sector, asociacións, economías colaborativas do procomún, economías comunitarias, etc.). Deste xeito, crearemos un espazo propio de aprendizaxe e encontro desde o que incidir na necesidade dun cambio de paradigma respecto ao modelo económico hexemónico.

56. Microcréditos a empresas

Desenvolveremos un programa de microcréditos para pequenas empresas, a través de convenios con entidades de crédito, en especial coa banca ética. Así, achegaremos recursos ás persoas emprendedoras con menos posibilidades de conseguir financiamento na banca comercial tradicional.

57. Liderado empresarial feminino

Poremos en marcha un programa de liderado empresarial e de emprendemento para as mulleres, dirixido a profesionais, directivas e emprendedoras. Queremos ofrecer formación, contactos e acompañamento a todas as mulleres que queren medrar profesionalmente de acordo cuns valores que favorezan a igualdade entre homes e mulleres.

58. Producción e economía de proximidade

Fomentaremos a economía de proximidade en produción e consumo. Continuaremos os traballos iniciados para outorgar máis peso no modelo económico aos sectores produtivos, recuperando aqueles do ámbito primario e manufactureiro que hoxe corren o perigo de desaparecer e valorizando a súa importancia e capacidade de contribuír ao desenvolvemento da economía de proximidade no municipio.

2.3 Talento para Santiago

En 2018 presentamos Talentia, unha iniciativa exitosa para estimular o tecido produtivo e empresarial da cidade que precisa de talento para medrar e, á vez, para ofrecer máis ferramentas, competencias e oportunidades de inserción á poboación desempregada. Tamén deseñamos o plan estratéxico de Talentia 2019-2021, que aspira a ser un proxecto de país. Para os vindeiros anos queremos avanzar nun proxecto que identifique unha estratexia clara e acordada cos axentes sociais e económicos, que fomente o emprego de calidade e que poña o foco

nas mulleres, na xente moza e nas persoas maiores de 50 anos en situación de desemprego de longa duración.

59. Mapa do fomento do emprego

Elaboraremos un mapa de recursos e dispositivos dedicados ao fomento do emprego en Compostela, centralizando a información e creando un punto único de asesoramento e apoio para as persoas demandantes de emprego

60. Loita contra a precariedade

Loitaremos contra a precariedade laboral a través da Axencia Local de Emprego, que recibirá e publicará ofertas que reúnan os criterios de calidade necesarios.

61. Aposta polo Talento

Seguiremos apostando polo talento local mediante a organización de eventos periódicos como o Talentia, para a inserción do talento e a dinamización do emprego.

62. Emprego en barrios e parroquias

Levaremos os programas municipais de emprego e desenvolvemento aos barrios e parroquias do rural a través da rede de Centros Cívicos.

63. Inspección de traballo

Promoveremos a realización de campañas específicas de inspección de traballo e asinaremos acordos e convenios con outras Administracións Públicas, primando os sectores máis precarizados.

64. Combate á explotación

Combateremos as malchamadas plataformas de economía colaborativa que pretendan competir deslealmente nalgúns sectores, precarizando as condicións laborais.

65. Control das casas de apostas

Controlaremos as casas de apostas e xogo para tratar de conter a prolifera-

ración destes establecementos, especialmente en zonas sensibles como a contorna de escolas e determinados barrios.

2.4 Comercio e Mercados

O profundo cambio vivido no sector do pequeno comercio e os mercados en Compostela é unha realidade constatada. A oferta e a demanda comercial están condicionadas por factores externos como as novas tecnoloxías, o peso do turismo, a aparición dos centros comerciais ou os novos estilos de vida, que lle afectan negativamente aos pequenos comercios de proximidade e aos establecementos emblemáticos. Seguiremos apostando por este tipo de comercio, pequeno e de calidade, que fai que as rúas da cidade estean máis vivas, que sexamos singulares, e que se fixe poboación nos barrios.

66. Mercado de Abastos

Poremos en marcha o Plan de preservación do carácter singular do Mercado de Abastos. A Praza é o destino máis visitado en Santiago despois da Catedral, e non pode caer na hipermasificación dos mercados doutras cidades. Por iso actuaremos conxuntamente coa Praza para estudar a ampliación de horarios e prestar máis servizo a residentes, ordenando fluxos turísticos e promocionando actividades divulgativas sobre todo en tempada baixa (visitas planificadas, roteiros guiados de compras, aulas de cociña tradicional, promoción do turismo gastronómico de calidade nos arredores da Praza...).

67. Comercio na Cidade Vella

Levaremos a cabo un Plan de Dinamización Comercial da Cidade Histórica, para darlle continuidade ao comercio tradicional e poñer límites ás tendas de “recordos”. Estableceremos medidas de discriminación positiva para protexer o comercio tradicional, e promoveremos a apertura de novos establecementos de interese social, ordenando o comercio destinado en exclusiva a turistas.

68. Marca ‘Feito en Santiago’

Valorizaremos o ‘Feito en Santiago’ cunha rede que promocioe os principais recursos do noso patrimonio fabril, dende as grandes empresas punteiras no sector industrial (FINSA, Televés, Urovesa...) ata artesáns e recuperadores de oficios tradicionais. Porque cada vez máis viaxeiros están interesados en coñecer a orixe e fabricación de produtos de uso cotiá.

69. Con B de barrio

Seguiremos potenciando o programa “Con B de barrio” tras o éxito acadado cos programas de consultoría personalizada ao pequeno comercio. Crearemos un servizo estable de apoio para chegar a máis negocios e orientar os seus proxectos de mellora e innovación.

70. Comercio a pé de rúa

Impulsaremos o programa ‘Comercio sabio a pé de rúa’ para poñer en valor o gran coñecemento das persoas comerciantes, axentes directos da vitalidade das rúas e dos barrios.

71. Comercio fóra de serie

Promoveremos a creación da etiqueta ‘Comercio fóra de serie’ e estudaremos a posibilidade de sacar adiante unha etiqueta para pequeno comercio que non pertencen a grandes cadeas ou franquías.

72. Axudas ás asociacións

Incrementaremos as axudas ás asociacións de comerciantes, motor do sector en Compostela, para que conten cos recursos necesarios para desenvolver os seus proxectos de dinamización.

2.5 Industrializar Santiago

Despois de ter asinado o Acordo para a Reindustrialización de Compostela, cómpre non demorar máis esta aposta pola industrialización e dar os pasos definitivos na coordinación dos diferentes axentes económicos da cidade. Por iso, porremos xa en marcha os recursos necesarios para proporcionar un servizo óptimo ás empresas que desexan desenvolver en Santiago a súa actividade industrial. Esta colaboración traduciuse na captación de proxectos como BioIncubatech, Spin_up ou DATAlife, que consolidan a aposta polos sectores da biotecnoloxía e a madeira. Estes sectores foron escollidos pola presenza de empresas tractoras e grupos de investigación da USC, que ofrece posibilidades de desenvolvemento de novas actividades empresariais que pechen os ciclos produtivos.

73. Plan de reindustrialización

Poremos en marcha un Plan de reindustrialización para que Compostela sexa líder nos sectores da biotecnoloxía e da madeira, fixando tecido produtivo e emprego de calidade nesas áreas. O Concello xogará un papel impulsor desta triple hélice composta por administracións, Universidade e mundo empresarial, nun proxecto que permita desenvolver con urxencia o Polo industrial do polígono da Sionlla.

74. Incentivos económicos

Lanzaremos un Plan de incentivos económicos para a reindustrialización e impulsaremos un programa para favorecer a creación e crecemento das empresas dos sectores da biotecnoloxía e da madeira que queiran asentarse no Polo industrial do polígono da Sionlla.

75. Industrias innovadoras

Apoiaremos as actividades industriais máis innovadoras e incentivaremos a realización de eventos singulares nos que promocionar os produtos e servizos innovadores, como a Galicia Maker Faire. Deste xeito, favoreceremos os procesos de emprendemento e a adopción de procesos novidosos por parte das industrias xa consolidadas.

76. Innovación en barrios e parroquias

Promoveremos as accións de innovación en barrios e parroquias, descentralizando as actividades que permitan divulgar a capacidade innovadora do tecido produtivo de Compostela. Impulsaremos as habilidades STEM especialmente entre a mocidade, para mellorar a nosa industria do futuro.

77. Estación de mercadorías na Sionlla

Demandaremos do goberno español que recupere este proxecto e exixiremos que se incorpore aos próximos orzamentos do Estado. Reclamaremos que se contrúa no espazo, máis de 70.000 m², que o actual PXOM xa ten reservado para este fin no Polígono da A Sionlla. Esta infraestrutura será peza clave para ter mellor éxito na extratexia industrializadora de Santiago.

2.6 Gobernanza do Turismo

Desestacionalizar, descentralizar, diversificar. Son os “3D” fundamentais para unha política turística responsable e de calidade. Compostela é unha cidade cada vez máis atractiva e internacional, e por iso levamos tres anos consecutivos superando cifras históricas de viaxeiros, peregrinos e tráfico aeroportuario. Cifras récord que tamén supoñen grandes desafíos para o modelo de convivencia, porque Santiago non pode vivir sen o turismo, pero tampouco só do turismo. O Xacobeo 2021 marca un ciclo clave para crear un modelo que concilie os beneficios do turismo cos dereitos de toda a veciñanza. Por iso seguimos reclamando a implantación da taxa turística, un instrumento que ten demostrado en moitas cidades que non desincentiva a chegada de visitantes. A recadación da taxa será destinada ao coidado do espazo público, políticas de vivenda, promoción do comercio local e campañas de promoción e sensibilización de turismo responsable.

78. Inspección de apartamentos turísticos

Reforzaremos a inspección e control sobre os apartamentos turísticos irregulares que supoñen competencia desleal, provocan o aumento dos alugueiros, reducen a oferta de vivenda residencial, precarizan o emprego e deixan máis de 8 millóns de euros sen fiscalizar cada ano.

79. Certificación ‘Compostela Responsable’

Impulsaremos a certificación ‘Compostela Responsable’, unha etiqueta municipal de responsabilidade que distinguirá ás empresas hostaleiras que cumpren criterios ambientais e sociais xustos (emprego de calidade, contratación estable, saúde laboral, accesibilidade, prácticas ambientais, boa atención a clientes...). Os criterios e mecanismos para dar esta certificación serán acordados co sector e co asesoramento do Centro de Estudos Turísticos da USC, podendo estenderse nunha segunda fase a outro tipo de empresas.

80. #Enjoy-Respect-Santiago

Faremos a campaña #Enjoy-Respect-Santiago de concienciación dos dereitos, obrigas e recomendacións para o turista responsable, con viñetas e ilustracións singulares e merchandising en establecementos hostaleiros.

81. Índice do Progreso Social do Turismo

Converteremos a Santiago na primeira cidade do mundo que mide o Índice do Progreso Social do Turismo. Para medir o impacto do turismo máis alá das cifras brutas de visitantes e peregrinos e repercutir os beneficios na mellora das condicións de vida de toda a veciñanza.

82. Santiago, Destino Inclusivo e Familiar

Promoveremos ‘Santiago, Destino Inclusivo e Familiar’ e incentivaremos desde o Concello iniciativas e alternativas de ocio, culturais, deportivas, gastronómicas... destinadas a promover Compostela como destino con responsabilidade social e amable para mulleres, colectivo LGTBIQ, Family Friendly, Vegan Friendly, Pet Friendly, etc.

83. Santiago Respira

Lanzaremos a campaña ‘Compostela Respira’ e aproveitaremos o potencial da Compostela Verde recuperado nos últimos anos (Brañas do Sar, sendas do Sarela, bosques de Compostela...) para promocionar Santiago como capital do EcoTurismo.

84. Horizontes de Compostela

Promocionaremos entre a veciñanza e os turistas os ‘Horizontes de Compostela’, miradoiros naturais e artificiais da cidade. Ademais dos xa coñecidos (Monte do Gozo, Pedroso, cubertas da Catedral, Cidade da Cultura, etc.) poremos en marcha outros novos como o Miradoiro no Monte Viso, onde o Concello leva a cabo un intenso labor de recuperación forestal de especies autóctonas.

85. Noria semipermanente

Instalaremos unha noria con vistas á Cidade Histórica en tempada baixa que permita vistas panorámicas ao corazón de Santiago, con cabinas climatizadas e decoradas con información cultural e xeográfica de Compostela e Galicia e que funcione como outro miradoiro máis da cidade.

86. Roteiros temáticos

Poremos en marcha os ‘Roteiros Temáticos’ como os Camiños da Pedra (Ruta dos Cruceiros, dos Petróglifos, dos Xogos gravados na Pedra, da Canteira da Catedral, etc.); Camiños da auga (Ruta dos Lavadoiros, Ruta dos Batáns, muiños e curtidorías, etc.); Compostela Medieval fóra das Murallas (Castelo da Rocha, Sar, etc.); ou Compostela en pé de guerra (ruta polos episodios bélicos da cidade).

87. Pórtico da Gloria: Patrimonio de todas

Defenderemos o ‘Pórtico da Gloria: Patrimonio de todas’ e reclamaremos o acceso gratuíto e responsable da veciñanza de Compostela a todo o seu

patrimonio, tamén á obra do Mestre Mateo. Porque a Catedral, patrimonio da Humanidade, foi restaurada con fondos públicos.

88. Exposicións no Aeroporto e na Intermodal

Faremos exposicións sobre a cultura e a gastronomía galegas, permanentes e temporais, sobre cultura e gastronomía galegas no Aeroporto Rosalía de Castro e na futura Estación Intermodal, as dúas principais portas de entrada a Galicia no Xacobeo, a través de convenios con AENA e ADIF.

89. Turismo cooperativo

Apoiaremos as iniciativas colectivas no turismo para o ciclo 2020-2027, coa implicación de pequenos comercios, cooperativas e novas empresas relacionadas co turismo responsable e de calidade.

2.7 Recuperar para o ben común

Despois de ter recuperado para o público os servizos da ORA, o guindastre e a asesoría xurídica neste mandato, no próximo continuaremos traballando na recuperación de máis servizos municipais privatizados por gobernos anteriores. En particular o da auga, sobre o que xa se teñen iniciado os traballos de avaliación e planificación. E todo elo a pesar das trabas legislativas e dos obstáculos que nos poñen as administracións autonómica e estatal. Porque hai servizos para os que só se pode garantir unha xestión máis eficiente, eficaz e mellor para a cidadanía cando é pública e transparente. E, tal e como vimos facendo ata o de agora, seguiremos mellorando a xestión de servizos e incorporando máis cláusulas sociais na contratación.

90. Remunicipalización da auga

Seguiremos cos traballos para a remunicipalización do servizo da auga, despois de ter constituído neste mandato a comisión que debe determinar a maneira máis sostible e eficiente de xestionar o servizo a través das auditorías xa encargadas. O contrato para a xestión do servizo está nas mans da mesma empresa desde 1998, e atópase en situación de prórroga na actualidade. Recuperar a xestión pública dun servizo tan sensible coma o da auga permitirá optimizar os custos e reverter no ben común aqueles réditos que puideran obterse desa xestión.

91. Control de subministradoras

Controlaremos ás empresas subministradoras e demandaremos á Administración Xeral do Estado a información necesaria sobre as compañías que usan o dominio público, como as eléctricas, de gas, ou de telefonía. Reclamaremos datos sobre a súa facturación real no concello, para asegurar que cumpren coas súas obrigas tributarias.

92. Compra pública ética

Impulsaremos a compra pública ética e fomentaremos os produtos e servizos ecoloxicamente sustentables e xustos (comercio xusto, ecolóxico, local, etc).

93. Contratación de calidade

Seguiremos incorporando aos pregos de contratación criterios de valoración que favorezan o emprego estable e de calidade. Dese xeito, primaranse ás empresas que poidan acreditar ter unhas condicións laborais dignas e non discriminatorias, actuando así como axente mediador para que as empresas melloren estas condicións.

94. Reservas de mercado

Continuaremos reservando unha porcentaxe de contratos municipais para entidades de economía social, apostando polo diálogo e o acordo cos diferentes axentes sociais e poñendo en valor os principios da economía social e da incorporación de persoas e colectivos con especiais dificultades para o acceso ao mercado sociolaboral.

95. Auditoría das contratas

Faremos auditorías das contratacións públicas para analizar os incumprimentos, cun rexistro de control e sancións rigoroso. Un control efectivo dos servizos privatizados con persoal de alto nivel, que garanta o cumprimento das empresas e preste atención ás posibles queixas e á súa calidade.

96. Plan estratéxico de xestión de servizos

Elaboraremos un plan estratéxico que avalíe que xestión é a máis acaída para os servizos municipais. Este plano será a guía para abordar novos procesos de remunicipalización seguindo criterios de oportunidade e viabilidade.



A COMPOSTELA PARA VIVIR

MARTIÑO
NORIEGAMÁIS
FUTURO
PARA SANTIAGO

3. A COMPOSTELA PARA VIVIR

A Compostela para vivir é aquela que medra de xeito ordenado e que o fai sabendo como xestionar o territorio. Santiago de Compostela non é hoxe a mesma que hai 20 ou mesmo 8 anos. O crecemento urbanístico de zonas como a Pontepedriña, o Castiñeiriño, Santa Marta, Vista Alegre ou Salgueiriños fai que as antigas estradas que atravesaban estes barrios sexan agora espazos urbanos que deban ser humanizados como antes foron o Ensanche e Cidade Vella. Nos últimos catro anos conseguimos o desbloqueo da Estación Intermodal e as conexións norte da AP9 e orbital, ademais da execución da variante de Aradas, ou a reactivación do paso inferior de Conxo. O Goberno de Compostela Aberta aproveitará estas transformacións e outras operacións singulares como as do antigo Peleteiro, a Praza de Galicia, ou a reforma dos camiños de Santiago, para facer unha cidade máis humana repensando a mobilidade e os espazos urbanos dos barrios.

Promoveremos vivenda pública de alugueiro, e traballaremos para poñer no mercado residencial as vivendas baleiras ou de uso turístico, cun maior control do seu uso irregular e a través da rehabilitación. E no campo da sustentabilidade. No próximo mandato continuaremos a facer un municipio máis sostible, con novo alumeado público de baixo consumo, con enerxía 100% renovable, e cun novo prego de recollida de residuos e limpeza viaria que ampliará a compostaxe. Continuaremos coa creación de sendas verdes e hortas urbanas, e veremos como frutifican os acordos acadados para a construción da EDAR da Silvouta.

3.1 Mobilidade

A existencia dunha ampla zona rural, a dependencia dos concellos limítrofes de servizos localizados en Santiago, o modelo urbanístico, as deficiencias de liñas e frecuencias no transporte metropolitano... son factores que fan que ao centro urbano de Compostela cheguen moitos vehículos privados. Tamén o transporte urbano necesita mellorar a conectividade e modernizar a súa flota, coa introdución de vehículos híbridos. Temos que seguir recuperando espazo para as persoas, paliando a primacía do vehículo privado fronte aos modos brandos de transporte e, ao tempo, combatendo a contaminación.

97. Plan de Mobilidade

O novo Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS) incorporará as medidas xa acordadas no Pacto Local pola Mobilidade a fin de lograr unha cidade para as persoas, na que primaremos os espazos peonís, reducindo a presión do vehículo privado. O PMUS incluírá medidas concretas, nas que tamén se aplicará unha óptica feminista de xeito transversal, para lograr que as rúas sexan espazos para vivir, xogar, e interrelacionarse de xeito igualitario.

98. Reducir o tráfico rodado en toda a cidade

Priorizaremos a circulación de finalidade fronte á circulación de paso, co obxectivo de racionalizar o uso do vehículo privado no centro, atendendo ás necesidades da veciñanza e do comercio. Para isto, será fundamental xerarquizar os modos de transporte, así como ofrecer unha solución ás áreas de maior saturación, nomeadamente o eixo Rosalía de Castro - Juan Carlos I - Senra - Praza de Galicia - Virxe da Cerca - Basquiños.

99. Creación de aparcadoiros

Construiremos estacionamentos de borde, ben comunicados e en lugares estratéxicos de acceso, como Castiñeiriño ou Vista Alegre, que se sumarán aos xa previstos na Altiboia, Triacastela, Sar, San Lázaro ou Conxo, para reducir o tráfico urbano. No Ensanche promoveremos prazas para persoas residentes e traballadoras, coa posibilidade dun aparcadoiro soterrado de xestión pública. Na zona do CHUS impulsaremos, co resto de administracións, un estacionamento de xestión pública, que garanta prezos asequibles.

100. Mellora do transporte público

Implantaremos a nova rede de transporte público, simplificando liñas, mellorando frecuencias, e garantindo a cobertura actual. Renovaremos a flota con novos vehículos híbridos ou eléctricos de accesibilidade universal e coa posibilidade de levar bicicletas. Melloraremos a sinalización das liñas, e daremos preferencia aos autobuses en carrís e paradas para aumentar a velocidade do tráfico e a accesibilidade do servizo. Crearemos un servizo a demanda que cubra todas as parroquias, e instalaremos 100 novas marquesinas nos barrios e no rural.

101. Modos brandos de transporte

Fixámonos a meta de que calquera persoa poida unir dous puntos da cidade de forma segura sen necesidade de empregar vehículos, usando as zonas verdes. Apoiaremos a integración da bicicleta na cidade, cunha rede específica e espazos ciclistas nas futuras reurbanizacións, e medidas de convivencia e calmado como a ampliación da Zona 30. Crearemos unha rede de bici pública eléctrica que permita o seu uso a residentes e visitantes.

102. Mobilidade na Cidade Histórica

Implantaremos un novo modelo de carga/descarga e reparto na zona intramuros, que dea un servizo axeitado a comerciantes e hostaleiros e respecte as singularidades da zona. Buscaremos solucións aos tráfico rodados que aínda existen, con especial incidencia na área de influencia do Mercado de Abastos, e modificacións na ORA.

103. Mobilidade escolar

Apostaremos por alternativas ao vehículo privado ampliando o proxecto Colecamiños, e impulsaremos programas educativos de concienciación sobre mobilidade. Analizaremos as necesidades de mobilidade escolar, con especial atención ás contornas dos centros escolares e outros lugares sensibles.

104. Accesibilidade universal e transversal

Aplicaremos as directrices do Plan de Accesibilidade ás novas actuacións de reforma dos espazos urbanos, e continuaremos a mellorar as nosas rúas e prazas mediante actuacións específicas. Garantiremos a accesibilidade universal no novo transporte público.

3.2 Cidade Habitable

Xunta e Administración central esqueceron que a vivenda é un dereito constitucional. Por iso, desde o Concello habilitamos programas como Aviva Compostela, apostamos por medidas de rehabilitación, e introducimos vivenda de protección a través do planeamento, mesmo en ámbitos como a Finca do Espiño ou o vello colexio Peleteiro. Tamén queremos mobilizar a vivenda baleira antes de construír máis, e que as novas edificacións promovan a vivenda pública. Avanzaremos para manter a vitalidade da Cidade Histórica e igualar os seus servizos cos do resto da cidade. Non pode converterse nun espazo mercantil destinado a turistas e buscadores de beneficio, pero tampouco nun espazo con menor calidade residencial.

105. Servizos na Cidade Histórica

Buscaremos solucións para instalar fibra óptica por fachadas, e a través do Consorcio conseguiremos financiamento para dotar unha rede neutra soterrada. Avanzaremos na creación de máis espazo para aparcamento nos arredores do ámbito peonil. Facilitaremos a instalación de ascensores e outras medidas que melloren a accesibilidade

106. Regulación de usos na Cidade Histórica

Implantaremos medidas de regulación de usos e controlaremos a súa aplicación, actuando sobre as vivendas de uso turístico. Aplicaremos fórmulas para regular os usos comerciais, de xeito que se manteñan os servizos aos residentes. Controlaremos as terrazas e a ocupación máxima, recuperando o espazo público.

107. Axudas e bonificacións ao alugueiro

Aumentaremos a mobilización de vivenda baleira a través de programas de incentivos, como Aviva Compostela, e bonificando ata o 95% os inmobles de aluguer con renda limitada, de protección pública de aluguer, ou de aluguer social. Implementaremos medidas de control de prezos e incrementaremos as axudas á rehabilitación a cambio de cesión para aluguer. Actuaremos fiscalmente sobre as vivendas baleiras, aproveitando as figuras de gravame que permite o actual marco normativo.

108. Vivenda pública e vivenda asequible

Introduciremos porcentaxes de vivenda protexida e asequible tamén no centro da cidade, a través de revisións urbanísticas como a Finca do Espiño ou

o Plan Peleteiro. Rehabilitaremos as ruínas da Caramoniña para vivendas de emerxencia social, e crearemos un rexistro de solares en ruína para nova vivenda pública en aluguer. Promoveremos a construción de nova edificación nos solares municipais.

109. Rehabilitación e accesibilidade

Apoiaremos, coa redacción de estudos de detalle, a rehabilitación de edificacións sen ascensor nos barrios, e aumentaremos as axudas complementarias implantadas polo Concello, para que as persoas sen recursos poidan cubrir o total do custe da instalación.

110. Rehabilitación enerxética

Crearemos un sistema de calefacción comunitaria con enerxías renovables en barrios socialmente sensibles como Pontepedriña, con financiamento público de entre o 80 e 100%. Aumentaremos as subvencións para renovar carpinterías e mellorar o illamento nas vivendas da Cidade Histórica.

3.3 Humanización dos barrios

O modelo urbanístico de Compostela non pode ser o do crecemento sen integración que caracterizou ao pasado, con promocións de vivendas separadas da cidade por leiras abandonadas, ou con rúas urbanizadas pero sen saída nin conexión a outros viarios. Tócanos unir os novos barrios á cidade e evitar que as infraestruturas viarias supoñan fronteiras insalvables. Facela máis amable e integradora, centrada no próximo, que convida a abandonar o coche, vivir os barrios, comprar no comercio local e relacionarse coa veciñanza. Queremos recuperar o ritmo que sempre tivo a nosa cidade, e que non pasaba pola concentración do ocio e do comercio en grandes centros que atraen ao vehículo privado.

111. Eixo Sur

Converteremos a avenida de Clara Campoamor nun bulevar urbano que creará unha nova praza e reducirá a barreira entre o Ensanche e a Pontepedriña, combinando o tráfico rodado con usos peonís e ciclistas. Tamén proxectaremos a humanización da Rúa do Restollal e a de Amor Ruibal e conexións coas rúas laterais, reducindo o espazo e a velocidade dos vehículos, e favorecendo o paso peonil entre ambos lados, de forma que consigamos un espazo de convivencia para o barrio.

112. Eixo Norte

Recuperaremos a conexión entre os barrios de Vite e das Marías (Basquiños, Ulteira, Avd. Salamanca...) rota nos anos 70, mediante a humanización da avenida de Xoan XXIII ata a rotonda da Praza de España, seguindo o modelo da zona máis próxima á cidade histórica con maior espazo peonil. Despois de ter arranxado a rúa do Espírito Santo, iniciaremos os proxectos para a Praza de Ulteira, a rúa Oviedo e a Avenida de Salamanca, para conseguir dotar de accesibilidade a todos os edificios, e remataremos o tramo pendente da Rúa da Pastoriza.

113. Plan Vite

O Plan Vite supón unha actuación de reurbanización das rúas do polígono por un importe de 2,25 millóns de euros en tres anualidades, coa reforma das rúas Federico García Lorca, Carlos Maside, Irmandiños, Guadalupe e Celso Emilio Ferreiro. Ademais das intervencións urbanísticas, contempla o incremento das conexións de transporte público, ou as instalacións de ascensores, que se suman ás actuacións de mellora de espazos públicos xa executadas en parques, instalacións deportivas e educativas, e o calmado de tráfico na Avenida de Castelao.

114. Plan Ensanche

Durante o vindeiro mandato, o Ensanche terá a oportunidade de definir a súa transformación futura. O antigo Peleteiro será unha oportunidade para dotar dun novo espazo humano ao barrio, evitando a construción dun centro comercial. Na Praza de Galicia afrontaremos o proxecto de reforma deste espazo, para convertelo no punto de encontro entre a Cidade Histórica e o Ensanche. Estenderemos as medidas de calmado de tráfico a outras rúas, e abordaremos a humanización de Santiago de Chile, primando o seu carácter residencial e comercial e proxectaremos o futuro Bulevar do Horreo como espazo de conexión coa Intermodal.

115. Máis Conxo

Aproveitando o plan dos camiños crearase unha gran praza no espazo do Campo de Conxo, acorde coa relevancia monumental do edificio. Mantemos a nosa reivindicación, esixindo ao Ministerio de Fomento a humanización da rotonda de Conxo, para poder acometer tamén o proxecto da Praza de Antón Fraguas no espazo anexo. E atendendo a petición veciñal dialogaremos sobre a reforma da Avenida de Ferrol sendo o primeiro paso o acondicionamento da parcela municipal entre o Colexio e a Praza da Mercé, onde incorporaremos unha nova zona verde e un equipamento multiusos cuberto, que permita ofrecer máis recursos e espazos en materia de ocio e deporte no

barrio, e habilitaremos prazas de estacionamento para residentes e comercio nesta zona e na parcela do psiquiárico. No CEIP Quiroga Palacios, remataremos a ampliación da área de xogo de educación infantil, e arranxaremos a cuberta do pavillón municipal.

116. Máis Fontiñas

Realizaremos un estudo estrutural para substituír aquelas árbores que están a estragar as fachadas e as beirarrúas do barrio, proxecto que conta xa cun pilo na rúa de Praga. Cubriremos o parque infantil situado diante da Área Central ao igual que fixemos a pasarela cuberta no CEIP do barrio. E realizaremos unha consulta coa veciñanza para promover a reurbanización da Rúa de Madrid e construír un espazo común e de lecer de usos colectivos ao aire libre para a cidadanía.

117. Máis Romaño

Na zona do Romaño, xa conseguida a variante de Aradas, continuaremos coa actuación de humanización desde a rotonda da Torreira, para eliminar os puntos que presentan problemas de paso peonil.

118. Máis Sar

En Sar iniciaremos a segunda fase da reurbanización de Castrón D'Ouro, continuando a parte que está en marcha. Tamén reurbanizaremos a rúa da Ponte de Sar, renovando servizos, pavimentos e beirarrúas, con especial énfase na mellora da accesibilidade peonil, e actuaremos sobre a conexión co vial de acceso ao multiusos (rúa Diego Bernal).

119. Máis Barrios

Facilitar a vida nos barrios será unha estratexia fundamental no próximo mandato, e por iso poremos en marcha actuacións que, pese a non parecer de gran envergadura, terán un gran impacto no día a día da veciñanza. Arraxaremos aquelas zonas máis deterioradas e ao igual que fixemos nas Cancelas neste mandato, completaremos as beirarrúas de Meixonfrío, incluíndo medidas de calmado de tráfico e de mellora de estacionamento en Amio e San Lázaro, melloras de accesibilidade, a eliminación de puntos inundables, etc

3.4 O rural: o noso tesouro

Unha das nosas prioridades de Goberno foi cambiar as inxustas políticas de abandono do medio rural que aplicaran todos os gobernos anteriores. Quere-mos mellorar a calidade de vida da poboación, e aumentar todos os servizos e equipamentos municipais. Esiximos ás demais administracións a execución das infraestruturas pendentes, logrando a posta en marcha de proxectos historicamente demandados. Apostamos por un rural máis vivo, cun tecido sociocomunitario fortalecido, e que dispoña de actividades culturais diversas a desenvolver nas parroquias, descentralizando a oferta municipal antes concentrada na cidade. Traballaremos por poñer en valor o noso tecido produtivo, e promoveremos a recuperación dos nosos espazos medioambientais e do noso patrimonio cultural e etnolóxico.

120. Pacto polo rural

Sabemos que queda moito por facer, e o déficit que herdamos, e que a única forma de solucionar ese diferencial na calidade de vida é a través de investimento continuo. Por iso, nos comprometemos a poñer en marcha un Pacto polo Rural de Compostela, impulsado por FERUSA e que propoñemos aos demais partidos da corporación. A través del, fixámonos o obxectivo de investir no rural, como mínimo, 20 millóns de euros nos próximos 8 anos, 2 millóns e medio de euros en cada exercicio. Iso significa que, como xa fixemos nos pasados 4 anos, destinaremos os fondos dos Plans da Deputación ao rural, completando a contía restante con fondos propios e achegas doutras administracións.

121. Máis abastecemento e saneamento

O risco cada vez maior de seca, e a contaminación de acuíferos, fai que non se poida depender soamente de pozos privados. Poremos en marcha un plan para levar o abastecemento e o saneamento aos núcleos do rural que carecen del, coa aspiración final de ofrecer o servizo a máis do 95% da poboación do municipio.

122. Mellora da seguridade peonil

A mellora das estradas no rural non pode supoñer un perigo para a cidadanía que as utiliza para desprazarse a pé. Aumentaremos a seguridade peonil mediante cunetas rebasables ou sendas, partindo dos puntos máis sensibles como centros cívicos, igrexas, etc, e aumentando progresivamente a rede transitible a pé. Ademais, esixiremos melloras semellantes á Deputación e á Xunta nas súas estradas.

123. Espazos sociocomunitarios cubertos

Continuaremos o noso plan de dotar ao rural de espazos sociocomunitarios cubertos, con proxectos de novos equipamentos que se sumarán aos que xa están en fase de inicio, co obxectivo final de dotar dun destes espazos a cada parroquia na que exista demanda.

124. Dotación de internet

A actuación das administracións públicas é imprescindible para dotar ao rural de banda ancha de internet, pois para as empresas subministradoras, actualmente, non é rendible e non asumen a súa instalación. Trátase dunha necesidade básica da poboación, e por iso impulsaremos a instalación de redes de banda ancha de internet nas parroquias, mediante a colaboración con Xunta, Estado e empresas operadoras.

125. Fomento da economía rural e da sustentabilidade

O rural é un lugar onde habitar, pero tamén ten futuro económico. Impulsaremos novas formas de actividade económica, especialmente a agricultura ecolóxica, poñendo en marcha unha experiencia piloto de formación. Buscaremos, ademais, a integración do rural na economía de proximidade, de xeito que o produto fresco do noso agro forneza a mercados e restaurantes da cidade.

126. Renovación do alumeado

Incrementaremos a rede existente naqueles puntos nos que sexa necesario, e renovaremos o alumeado público, mellorando a súa calidade e eficiencia enerxética, contribuíndo a aumentar a seguridade viaria, e reducindo os consumos eléctricos ata nun 50%, mediante o emprego de tecnoloxías como SAP e LED.

127. Sinalética

Instalaremos nova sinalética no rural, para mellorar a identificación dos núcleos, incorporando elementos que localicen os lugares en cadansúa parroquia, executando os proxectos redactados durante este mandato.

3.5 Querer é Manter

A principios deste mandato, a nosa cidade sufriu as consecuencias da falta de mantemento exercida polos gobernos anteriores. Tras incrementar de xeito importante o investimento, logramos reconducir a situación; e tanto a cidadanía como os seus representantes aprendemos unha crucial lección: querer a Compostela implica apostar polo seu mantemento. Porque non serve de nada construír cousas novas, se non coidamos das que xa temos.

128. Mantemento Viario

Incrementaremos o mantemento da rede viaria municipal nos distintos ámbitos da cidade, tanto no casco histórico, como nos barrios, aumentando a dotación dos contratos de mantemento, de xeito que melloremos a velocidade de resposta e a prevención.

129. Liña verde

Desenvolveremos un novo sistema de xestión de incidencias, asociado á implantación da Administración Dixital no Concello, para aumentar a eficiencia na resolución das demandas da veciñanza.

130. Rede viaria rural

A maiores dos investimentos incluídos no Pacto polo Rural, continuaremos cos programas de mantemento establecidos neste mandato, porque querer é manter. Destinaremos un millón de euros por ano a mellorar o acceso aos núcleos, a través de plans de mantemento de pavimentacións, rozas e limpeza de cunetas. Ademais de asegurar o mantemento da rede existente, renovaremos os asfaltados en tramos completos.

131. Mantemento e prevención de incendios

Limparemos de broza e manteremos en condicións de seguridade os predios municipais, fomentando a plantación de especies autóctonas non pirófitas. Buscaremos fórmulas de explotación para que os terreos de titularidade pública ofrezan un rendemento á comunidade. E instaremos á Xunta de Galicia a rematar as concentracións parcelarias pendentes, non só polas consecuencias económicas, senón como medida importante de prevención dos incendios forestais.

3.6 Sustentabilidade é porvir

O Concello debe ter un papel activo en apoio da cidadanía, desenvolvendo medidas para paliar o problema do cambio climático, e motivando ás persoas a que as apliquen na súa vida cotiá. A xeración e consumo de enerxía, e a contaminación industrial e por tráfico motorizado, xogan un papel prexudicial na saúde e na calidade de vida das persoas.

No ámbito municipal hai moitas cousas que se poden facer para reducir o consumo enerxético e a contaminación: aumentar a eficiencia enerxética nos edificios e reducir a necesidade de climatización, aplicar criterios de sustentabilidade á flota de vehículos municipais coa introdución de enerxías limpas, ou unha mellor xestión do alumeadado público. Todas estas accións deben servir, de cara á sociedade, como exemplo de boas prácticas medioambientais.

132. Plan de Acción para as Enerxías Sustentables e o Clima

Aplicaremos as medidas incluídas neste acordo aprobado por unanimidade en 2016, cumprindo así co Pacto de Alcaldes polo Clima do que forma parte Santiago de Compostela.

133. Eficiencia enerxética dos inmobles municipais

A través dos investimentos previstos na Estratexia de Desenvolvemento Urbano (EDUSI) e outras fontes de financiamento que se poidan obter para este fin, aplicaremos medidas de mellora da eficiencia enerxética dos inmobles municipais, reducindo o consumo en calefacción e climatización, renovando as instalacións e apostando polas enerxías renovables.

134. Substituiremos o gasóleo

Poremos en marcha un programa de substitución das caldeiras de gasóleo en inmobles municipais por outras tecnoloxías e fontes de enerxía máis limpas, como a bomba de calor (aeroterminia ou xeoterminia) ou biomasa, complementadas con enerxía solar cando sexa posible.

135. Enerxía con orixe 100% renovable

Nos contratos públicos de subministración de enerxía, primaremos ás comercializadoras con produción eléctrica de orixe 100% renovable, e incluiremos no contrato unha reserva para casos de poboación en situación de pobreza enerxética.

136. Alumeado público máis eficientes

Substituiremos as luminarias e instalacións do alumeado público existentes por novas tecnoloxías máis eficientes e sustentables, continuando coa política de renovación que, tan só no pasado mandato, supuxo a reforma de máis de 8.000 puntos de luz e un importantísimo aforro de consumo e de emisións.

137. Parque móbil municipal híbrido e eléctrico

De xeito progresivo, renovaremos o parque móbil municipal coa introdución de novos vehículos que empreguen enerxías máis limpas. Aplicaremos, ademais, un plan de racionalización do parque móbil, en canto a número, tipoloxía e uso dos vehículos, para evitar adquisicións e consumos innecesarios. As empresas que presten servizos ao Concello tamén deberán incluír na súa flota este tipo de vehículos.

138. Finca do Espiño

Convertiremos a Finca do Espiño nun centro asesor e dinamizador da sustentabilidade no municipio. O novo CIAC se situará no restaurado Palacete da Finca do Espiño, e irá un paso máis alá das súas funcións actuais como centro de educación ambiental. Será un punto de referencia da cidadanía na consulta e asesoramento sobre sustentabilidade, con actuacións específicas en centros educativos, e cun especial foco na mitigación da pobreza enerxética.

139. Autoconsumo de enerxía renovable

A través da simplificación nos trámites administrativos, e mediante políticas fiscais de bonificación nos impostos municipais, promoveremos a instalación de sistemas de xeración de enerxía renovable tanto na industria como nas edificacións residenciais, fomentando o autoconsumo e o autoabastecemento.

140. Monitorizaremos a calidade do aire

Despregaremos unha infraestrutura de monitorización da calidade do aire, mediante o proxecto TRAFAIR financiado con fondos Europeos. Contará con 10 novos sensores que serán instalados nas zonas urbanas con maior intensidade de tráfico.

141. Mapa de ruídos

Depregaremos sensores en zonas conflictivas e de alta intensidade de tráfico rodado, a partires do cal se elaborará un mapa de zonas e horarios que permita establecer accións públicas con incidencia na redución da contaminación acústica.

3.7 Auga e residuos

A auga non é un ben comercial, senón un dereito e un patrimonio que debe ser protexido, defendido e tratado como tal. Non é unha mercadoría, senón un dereito humano de primeira necesidade e, polo tanto, debe estar en mans públicas. A auga será un patrimonio cada vez máis escaso, polo que é imprescindible facer un uso responsable dela, e actuar desde as institucións na prevención da contaminación, e na depuración das augas urbanas e industriais.

142. Municipalización do servizo de Auga

No vindeiro mandato remata a actual concesión do servizo da auga a unha empresa privada. Apostamos pola remunicipalización do servizo, a través da creación dunha empresa pública que permitirá ter un maior control sobre o servizo, desde os investimentos ata os prezos finais de consumo, pasando pola eficiencia da prestación.

143. Novo modelo de para os residuos

Aplicaremos un novo modelo na xestión da limpeza urbana e na recollida de residuos. Incorporaremos vehículos eléctricos menos ruidosos e contaminantes; aumentaremos o persoal de limpeza nun 10% para cubrir mellor os novos barrios e ampliar servizo durante o Xacobeo; incrementaremos a reciclaxe, a compostaxe, e a recollida separada de orgánicos; aplicaremos un novo modelo de recollida porta a porta na Cidade Histórica; instalaremos máis e novos contenedores; e promoveremos campañas de concienciación como Tropa Verde.

144. Recollida de lixo no rural

A través da nova licitación do servizo, melloraremos a recollida de lixo e o tratamento separado dos residuos, e fomentaremos a compostaxe domiciliaria dos residuos orgánicos co plan de cesión de composteiros.

145. Limpeza viaria controlada por visión artificial

Implantaremos as últimas innovacións científicas para que os indicadores de control da calidade da limpeza viaria sexan verificados utilizando a visión artificial e o procesamento 'big data', con cámaras instaladas nos vehículos de limpeza.

146. Ordenanza de verquidos industrias

Aprobaremos esta ordenanza coa finalidade de evitar a contaminación de acuíferos e espazos naturais, e poremos en marcha un servizo de inspección.

147. Restauración de fontes

Poremos en marcha un plan de restauración de fontes de auga potable en espazos públicos, con criterios de sustentabilidade e non desperdicio, que permita unha rede de instalacións nas que a cidadanía poida beber auga sen xerar os residuos asociados a consumos en hostalería ou comercio.

148. Compostaxe comunitaria optimizada

Aplicaremos as últimas innovacións científicas para mellorar a compostaxe comunitaria, utilizando novos materiais para obter composteiros 100% reciclados e reciclables que optimicen ao máximo o proceso. Ademais, evolucionaremos a ferramenta actual para premiar á cidadanía máis comprometida coa reciclaxe, estendendo a ‘gamificación’ da participación ao móbil.

3.8 Benestar animal, espazos verdes e biodiversidade

A calidade dos espazos naturais da nosa contorna afecta emocionalmente á nosa vida, nos vinculan coa paisaxe, permiten o ocio e aumentan o benestar social. A particular configuración urbanística de Compostela, con numerosas zonas verdes urbanas e zonas naturais na contorna inmediata, permite unha especial relación entre a cidade e a natureza.

A preservación e a recuperación da biodiversidade é un obxectivo ineludible para calquera acción municipal. A atención á fauna e á flora que habitan tamén a cidade debe ser obxecto de políticas públicas específicas, tanto a doméstica como a silvestre. Os cambios no clima obrigarán a “renaturalizar” os espazos verdes, reducindo o consumo de auga e evitando especies foráneas e alerxénicas.

149. Continuación do sendeiro do Sar

Tras a adecuación levada a cabo entre as Brañas de Sar e o banquete de Conxo, ampliaremos o sendeiro fluvial do río cara ao seu nacemento, a través de obradoiros de emprego que nos permitirán poñer en valor o noso patrimonio cultural ao tempo que ofrecer a persoas desempregadas unha experiencia laboral e formativa.

150. Novas hortas urbanas

Tras a posta a disposición da cidadanía de 222 parcelas en cinco zonas da cidade (Caramoniña, Pontepedriña, Almáciga, Santa Marta, Hortas) durante o último mandato e a gran demanda das mesmas, cumpre ir aproveitando espazos municipais para desenvolver hortas urbanas, procurando atender a maior parte posible dos barrios da cidade, e recuperando ademais espazos degradados.

151. Inventario de espazos naturais

Realización dun inventario de espazos naturais de interese así como dos seus hábitats, flora e fauna. Como paso previo ao deseño dun plan de recuperación e conservación, prestando particular atención a fontes, charcas e humedais e á articulación e mantemento de corredores verdes de conexión.

152. O Souto

Declararemos O Souto como Espazo Natural de Interese Local (ENIL) e o preservaremos mediante esta figura de protección e evitando a construción da nova EDAR neste ámbito. Nesta zona concéntranse catro carballeiras, charcas oligotróficas, eutróficas, e brañas. Acolle tres especies de fauna protexidas pola Directivas Europeas -a papuxa do mato, a lontra e o caracol de Quimper. Tamén conta cun importantísimo patrimonio etnográfico.

153. Eucaliptos e invasoras

Eliminaremos os eucaliptos e outras invasoras e plantaremos árbores frondosas autóctonas. Tanto nas fincas de titularidade municipal, como nas recentemente cedidas ao Concello pola Xunta de Galicia, procedermos a eliminar as especies pirófitas, e a promover a extensión de frondosas autóctonas. Durante o 2018 o BANTEGAL cedeu ao Concello un bo número de parcelas de distintos tamaños e condición que precisan dunha avaliación das súas condicións e un plan de repoboación.

154. Naturalización dos parques e xardíns

Continuaremos coa naturalización dos parques e xardíns municipais e introduciremos de forma paulatina especies autóctonas, reducindo aínda máis o uso de fitosanitarios e auga. Tamén aplicaremos criterios de sustentabilidade e saúde á hora de introducir especies vexetais decorativas nos ámbitos urbanizados.

155. Construción e renovación dos Parques Infantís

Renovaremos os parques infantís municipais e dotaremos de novos espazos de lecer en ámbitos como o CSC Pontepedriña, a Praza de León, Alfredo Vicente, Alexandre Bóveda, Santa Marta e Antón Vilar Ponte, entre outros.

156. Abriremos o cemiterio da Pastoriza

En colaboración co Consorcio de Santiago, abriremos o antigo cemiterio carlista da capela da Pastoriza para crear unha nova zona verde e de lecer no barrio das Marías. Un novo xardín histórico que terá unha concepción similar ao de Bonaval nunha escala máis reducida.

157. Xestión de colonias felinas urbanas

Continuaremos co programa de xestión de colonias felinas urbanas mediante o método de captura, esterilización e solta. É o mellor xeito de evitar a súa proliferación incontrolada, xa que polo carácter territorial dos animais, as colonias controladas impiden o establecemento de outras incontroladas.

158. Zonas para cans e cadelas

Ampliaremos as zonas de esparcemento para cans e cadelas. Melloraremos os equipamentos e crearemos novos espazos delimitados nos que cans e cadelas poderán relacionarse e exercitarse de xeito libre.

159. Tenza responsable e voluntariado

Ofreceremos programas formativos sobre tenza responsable, desincentivando o regalo de animais asociado ás festividades. Apoiaremos ás entidades do tecido social, e fomentaremos o voluntariado. Promoveremos unha convivencia cívica entre as persoas e os cans e cadelas, tanto nos espazos públicos como nos privados, a través do programa Bos Veciños.

160. Ordenanza de Benestar Animal

Actualizaremos a normativa municipal ás novas necesidades e á recente Lei galega

161. Fauna salvaxe de Compostela

Elaboraremos un programa de identificación e divulgación da fauna salvaxe de Compostela e promoveremos o coñecemento da nosa contorna natural e da fauna salvaxe que habita tanto nos espazos urbanizados como naturais do concello, como xeito de contribuír á súa posta en valor e defensa.

162. Non ás actividades cruentas cos animais

Rexeitaremos a presenza en Compostela de actividades baseadas na crueldade cos animais, implementando políticas que as desincentiven. Promoveremos, nas administracións nas que teñamos presenza, como a Deputación, a desaparición das subvencións destinadas a este tipo de fins.



A COMPOSTELA DOS COIDADADOS

MARTIÑO
NORIEGAMÁIS
FUTURO
PARA SANTIAGO

4. A COMPOSTELA DOS COIDADOS

A Compostela dos coidados é aquela que non deixa a ninguén atrás, e aquela que coida da súa poboación. Santiago de Compostela é hoxe a capital feminista e dos coidados, nos últimos catro anos situamos ás persoas no centro das prioridades das políticas públicas, reducindo as desigualdades sociais e procurando favorecer o acceso real e efectivo aos dereitos de cidadanía: impulsamos unha Ordenanza de Garantía Básica Cidadá e unha Renda Municipal para as persoas con menos recursos, multiplicamos por oito as bolsas para comedor, actividades e material escolar, e aumentamos a conciliación familiar. Apostamos por políticas pioneiras no Estado en materia de igualdade, como Compostela en Negro, e demos resposta a unha demanda histórica do colectivo feminista coa apertura da Casa das Mulleres Xohana Torres. E puxemos nome de muller a Compostela, co cambio de denominación do aeroporto Rosalía de Castro, o estadio Verónica Boquete ou o parque Begoña Caamaño.

Nos próximos anos, faremos unha Compostela máis inclusiva e accesible, que garanta os dereitos e a participación de todos e todas, sen consideracións nin diferenzas por idade, sexo, orixe, orientación sexual ou circunstancias económicas. Impulsaremos centros de día para as persoas maiores, un centro de atención ás persoas sen fogar e máis prazas para educación infantil. Loitaremos contra as causas de exclusión social aplicando a perspectiva de xénero e de idade na acción de Goberno; con medidas de prevención ás drogodependencias; e empoderando ás mulleres do rural. Fomentaremos a solidariedade, dentro da nosa sociedade e cos países en vías de desenvolvemento, a través da colaboración co tecido asociativo.

4.1 Dereitos sociais para todas as persoas

Tras a nosa aposta polo fortalecemento das políticas sociais nestes catro anos, chega o momento de ampliar o xa feito e consolidar os dereitos e servizos da cidadanía compostelá. Estamos a facer unha cidade para todas as persoas, sen exclusións, que dea resposta a quen ten necesidades, asegurando as prestacións logradas no pasado mandato. Dende a planificación do público, debemos facilitar a vida de todos e todas, aprendendo da experiencia das persoas maiores, aumentando os recursos para a infancia e acompañando ás persoas dependentes no camiño da súa autonomía.

163. Ordenanza de garantía cidadá

Afianzaremos esta medida, que nos colocou na dianteira de todo o Estado neste tipo de actuacións, para darlle unha máis rápida atención a quen está en situación de emerxencia social e sen cobertura, intentando asegurar unha renda mínima suficiente e/ou que poda atender gastos de saúde bucodental, vivenda ou outros para unha vida en condicións de dignidade.

164. Renda de garantía infantil

Faremos que as axudas poidan chegar antes e dun xeito mellor organizado, promovendo así a igualdade de oportunidades no acceso á educación e a participación social, de xeito que ningunha crianza quede atrás por razóns socioeconómicas.

165. Programa municipal de apoio á inclusión social

Consolidaremos esta medida para proporcionarlles máis oportunidades de desenvolvemento á xente que se atopa en situacións de maior exclusión social. Esta medida irá dirixida aos procesos de adquisición de competencias e habilidades básicas para un mellor desenvolvemento social e o acceso ao emprego.

166. Primeira atención en itinerancia

Impulsaremos un programa de primeira atención en itinerancia e favoreceremos a accesibilidade e axilidade da atención social ás veciñas e veciños que viven lonxe dos centros de servizos sociais comunitarios.

167. Atención en emerxencias sociais

Poremos en marcha un programa de atención en emerxencias sociais e melloraremos a atención ás persoas en máxima vulnerabilidade cun horario máis amplo e flexible.

168. Atención a Persoas Sen Fogar

Desenvolvermos un Plan Municipal de Atención a Persoas Sen Fogar para conseguir a coordinación con outras administracións implicadas, como a Xunta de Galicia, para dar unha resposta conxunta e completa ás persoas sen fogar, poñendo ao seu dispor todos os recursos existentes.

169. Centro Integral de Atención a Persoas Sen Fogar

Poremos en marcha o primeiro centro residencia de media estadía individualizada en toda Galicia. Trátase dun recurso con servizo de centro de día e aloxamento prolongado, que pretende darlle a debida atención integral ás situacións de senfogarismo cunha óptica de recuperación e integración social.

170. Centros de día no Peleteiro e en Galeras

Tras modificar os proxectos dos gobernos anteriores para estas dúas operacións urbanísticas, poremos en marcha estes dous equipamentos en pleno centro urbano, para atender con calidade e proximidade á poboación maior que reside nas zonas sur e norte.

171. Consello de Persoas Maiores

Poremos en marcha o Consello de Persoas Maiores, como órgano de consulta sobre as principais políticas públicas e o uso de espazos públicos.

172. Barrios máis amigables

Fomentaremos os itinerarios accesibles e seguros, e un Programa municipal de barrios amigables coas persoas maiores.

173. Experiencia vital e aprendizaxe mutua

Aproveitaremos a experiencia vital e fomentaremos proxectos interxeneracionais para fomentar a aprendizaxe mutua, particularmente arredor da arte, cultura e memoria. Deseñaremos programas específicos a través da Rede de Centros Cívicos para o envellecemento activo.

174. Accesibilidade física e comunicativa

Aplicaremos un Plan de accesibilidade física e comunicativa en todos os edificios e servizos públicos para favorecer a participación na vida municipal das persoas maiores, con diversidade, etc.. Introduciremos un enfoque de accesibilidade universal e transversal en todas as actuacións promovidas polo Concello de Santiago de Compostela.

175. Pacto social e económico polas persoas con diversidade

Promoveremos un pacto para favorecer a participación social e a inserción laboral de persoas con diversidade, mostrando unha imaxe positiva e con capacidades destas persoas.

176. Oficina municipal de vida independente

Poremos en marcha unha Oficina que terá por fin facilitar e acompañar os procesos de autonomía persoal e participación social de persoas con diversidade funcional.

4.2 Dereito á saúde

Queremos unha Compostela máis saudable, por iso dende 2015 recuperamos a iniciativa no referente á promoción e protección da saúde dende o ámbito local. Defendemos de modo decidido a Sanidade Pública Universal, gratuíta, sen exclusións e sen discriminacións, e consideramos a Atención Primaria de Saúde o eixe vertebrador dun sistema máis accesible, eficiente e próximo ás persoas, con capacidade e recursos suficientes para atender emerxencias e coidado de dependentes e pacientes cronicados na súa contorna.

177. Atención en situacións de exclusión sanitaria

Elaboraremos protocolos para garantir a atención en situacións de exclusión sanitaria, coordinando os Servizos Sociais Comunitarios e o Servizo Galego de Saúde, que recollan todos os pasos a seguir para a atención das persoas

en situación de exclusión sanitaria, de xeito que garanta o seu acceso a dereitos de saúde.

178. Plan municipal de saúde

Permitiranos abordar de xeito coordinado actividades de promoción e protección da saúde, que se desenvolven dende as áreas de medio ambiente, educación e deportes, fundamentalmente. Incluirá un Diagnóstico sobre os determinantes socioeconómicos e sanitarios na saúde das persoas, que nos permitan coñecer as principais vulnerabilidades e orientar as accións políticas e campañas de promoción e protección.

179. Plan de Prevención de Drogodependencias

Permitiranos coordinar todas as actividades dirixidas ao ámbito educativo, comunitario e de ocio e tempo libre para previr o consumo e adicións e gozar dun ocio saudable.

180. Consello Municipal de Saúde

Trátase dun órgano de participación e asesoramento dende o que defender a sanidade pública, informar as políticas municipais e promover accións e campañas de promoción da saúde e estilos de vida saudábeis.

4.3. Territorio feminista

Para ser plenamente democrática, unha sociedade debe garantir a igualdade de toda a cidadanía. As mulleres, polo feito de selo, sofren una serie de desigualdades directamente ligadas aos roles de xénero e aos valores sociais xerarquizados que se perpetúan través das violencias machistas, un dos problemas sociais máis graves e ante o cal temos o deber de reaccionar.

Para acadar a igualdade, é indispensable incorporar o feminismo nas formas de facer política, e con ese compromiso a nosa acción política vai encamiñada cara a implantación de medidas transformadoras das relacións de xénero. Neste senso, un dos grandes traballos que desenvolvemos ao longo destes catro anos tivo que ver coa creación de políticas no ámbito dos cuidados, historicamente feminizados e invisibilizados. É preciso mudar os desequilibrios de xénero a través de políticas feministas que aposten pola corresponsabilidade efectiva.

181. Mainstreaming de xénero

Aplicaremos o mainstreaming de xénero en todas as áreas de goberno. Ten-

do en conta todos os compoñentes de discriminación e desigualdade que viven as mulleres, buscaremos que todas as políticas municipais incorporen a perspectiva de xénero. Crearemos unha comisión político-técnica a través da cal se coordinará esta estratexia, e aplicaremos un plan de sensibilización dirixido ao persoal técnico e a todos os/as concelleiros/as que formen parte da corporación municipal.

182. Observatorio Municipal de Igualdade

Trátase dunha ferramenta fundamental para incorporar a perspectiva de xénero na información e datos estatísticos que produce o propio Concello e para levar a cabo análises específicos sobre as desigualdades de xénero no ámbito municipal.

183. Plan de Sensibilización para o persoal

Elaboración dun Plan de sensibilización e formación interno de carácter obrigatorio dirixido ao persoal técnico e a todos os/s concelleiros/as que formen parte da corporación municipal.

184. Orzamentos municipais de xénero

Avaliaremos os orzamentos municipais dende unha perspectiva de xénero, e redistribuiremos os ingresos e os gastos para promover a igualdade efectiva.

185. Foro das mulleres

Crearemos un Foro de participación das mulleres e entidades do municipio, un espazo permanente de traballo e diálogo entre o Concello e os colectivos de mulleres para a análise de demandas colectivas, propostas e consenso de actuacións.

186. Casa das Mulleres Xohana Torres

Consolidaremos o modelo de co-xestión da Casa das Mulleres Xohana Torres entre a Concellaría de Igualdade do Concello de Santiago de Compostela e os colectivos e grupos feministas e de mulleres do municipio.

187. Memoria histórica das mulleres e do feminismo

Continuaremos coa realización de actividades -roteiros, publicacións- que poñan en valor o rol fundamental das mulleres na historia de Compostela, e coa súa visibilización a través dos nomes dos espazos públicos.

188. Empoderamento das mulleres no rural

Continuaremos cos programas e obradoiros de empoderamento das mulleres do rural, como espazos onde reflexionar sobre o seu papel na sociedade, as súas achegas, logros, a superación dos roles e estereotipos de xénero... consolidando a celebración do Encontro anual de Mulleres do Rural. O Centro de Información á Muller (CIM) achegará información sobre recursos de igualdade así como atención nas parroquias do rural.

189. Mapa de necesidades e coidados

Permitiranos levar a cabo unha análise dende unha perspectiva de xénero sobre cales son as necesidades e como os coidados se están atendendo actualmente. Ademais continuaremos co traballo comezado nas I xornadas desenvolvidas en Santiago, e faremos campañas de información sobre o traballo digno no fogar e nos coidados.

190. Traballo digno no fogar

Campaña de información e sensibilización sobre o traballo digno no fogar e nos coidados, continuando co traballo comezado nas I xornadas desenvolvidas en Santiago

191. Pacto Social e Económico sobre a corresponsabilidade

No marco do proxecto Compostela Territorio das Mulleres, impulsaremos un proceso participativo coa cidadanía e os axentes sociais e económicos de Santiago, para artellar un pacto social a nivel municipal coa fin de avanzar cara unha organización social do traballo e dos tempos máis igualitaria e sostible.

4.4 Contra as violencias machistas

Compostela Aberta situará a violencia patriarcal no centro da axenda política municipal e ademais de asistencia e atención directa ás mulleres que se atopan en situación de violencia, continuará levando a cabo actuacións de prevención e sensibilización social e creando redes institucionais e sociais para facerlle fronte conxuntamente.

192. Recurso habitacional

Creación dun Recurso habitacional alternativo para as mulleres en situación de violencia de xénero e para as súas fillas e fillos.

193. Escola municipal sobre igualdade

Creación dunha Escola municipal sobre Igualdade, Empoderamento das mulleres, violencia patriarcal e novas masculinidades, co obxectivo de ofrecer á cidadanía, aos centros educativos e a todos os axentes sociais interesados de Compostela un espazo de formación e pensamento crítico sobre todas estas cuestións.

194. Sensibilización social

Continuar realizando Campañas de prevención e sensibilización social de gran impacto sobre este tipo de violencias. Partindo dunha perspectiva participativa e comunitaria e tamén dun enfoque transversal, buscarse implicar a toda a cidadanía e a todos os axentes sociais do municipio na repulsa colectiva da violencia contra as mulleres.

195. Centro municipal de Información ás Mulleres

Fortalecer a estrutura organizativa do Centro municipal de Información ás Mulleres (CIM), incluíndo no mesmo o perfil de axente de igualdade, e reorientar a súa actividade máis cara o ámbito da sensibilización social, a prevención e a participación comunitaria.

196. O campus do medo

Consolidación e mellora continua da App para a prevención das violencias machistas deseñada co colectivo de estudantes universitarias O Campus do medo.

197. Transporte público

Elaboración dun protocolo de actuación nos transportes públicos. Continuación da colaboración coa compañía municipal de autobuses, co servizo de taxis e a hostalería da cidade para dar resposta a situacións de emerxencia.

4.5. Compostela LGTBIQ

O exercicio do respecto á diversidade sexual e de xénero é un valor e unha riqueza para a nosa cidade. Por iso, apostaremos por políticas que incorporen a mirada LGTBIQ, pois supón un paso máis na loita contra as desigualdades existentes froito do sexismo, os estereotipos de xénero, as violencias, a homofobia e a transfobia, e calquera tipo de discriminación por razón de orientación ou identidade sexual. Precisamos un cambio profundo na forma de elaborar as políticas públicas, partindo sempre da protección da diversidade sexual e de xénero, así como do recoñecemento aos colectivos e á cidadanía, que sempre van por diante das administracións na loita polos dereitos de lesbianas, gais, bisexuais, transxénero e intersexuais.

198. Desigualdades que afronta o colectivo

Diagnosticaremos as desigualdades que afronta o colectivo e elaboraremos unha análise conxunta e participada sobre as realidades que sofre o colectivo LGTBIQ, e deseñaremos un Plan Municipal de Igualdade para as diversidades sexual e de xénero, con avaliación anual.

199. Tecido asociativo LGTBIQ

Colaboraremos co tecido asociativo LGTBIQ, seguiremos traballando conxuntamente para apoiar e/ou realizar accións de sensibilización e formación sobre a diversidade sexual e de xénero.

200. Sensibilización contra a LGTBIfobia

Traballaremos coa comunidade educativa, con especial incidencia nos centros de educación primaria e secundaria do municipio, para eliminar estereotipos e sensibilizar respecto da diversidade sexual e de xénero.

201. Espazos de información LGTBIQ

Crearemos espazos de información, asesoramento e consulta conxuntamente coa Concellería de Mocidade, para informar e asesorar á xente moza sobre a diversidade sexual e de xénero.

202. Memoria histórica LGTBIQ

Recuperaremos a visibilización e difusión da memoria histórica LGTBIQ e colaboraremos na elaboración dun documental no que se aborde a historia da homosexualidade en Galicia.

203. Foro municipal LGTBIQ

Impulsaremos un espazo de encontro para o tecido asociativo da cidade, a través do cal expoñer e trasladar as súas propostas, demandas e preocupacións.

4.6 Centros cívicos

Os Centros Cívicos constitúen unha ampla rede que supón a presenza do Concello nos barrios e parroquias. Por esa razón, deben ofrecerse á cidadanía como un recurso para o tempo libre, buscando a implicación da sociedade no seu funcionamento. Cada un dos centros, e a poboación á cal serven, son diferentes e con características propias. Por iso, o programa dos centros ten que identificarse cos seus ámbitos de influencia, adaptándose á demanda das persoas usuarias. É necesario que a Rede participe dun xeito activo na vida dos barrios, que os centros “saian á rúa” e que “a rúa entre” nos centros. No próximo mandato, aplicando a aprendizaxe do sucedido nestes catro anos:

204. Rede interasociativa

Co fin de apoiar os asociacionismos e a vida dos barrios, teceremos redes interasociativas, establecendo canles de participación e favorecendo a participación da cidadanía. Para este fin, proporemos a figura dos “Centros Cívicos Participativos”, nos que os diferentes colectivos e persoas usuarias podan participar activamente respecto da oferta de servizos.

205. Actividades sociocomunitarias

Promoveremos o asociacionismo, aumentaremos e diversificaremos a oferta de actividades nos Centros Cívicos, e facilitaremos unha maior conexión entre os mesmos e entre os distintos barrios e parroquias.

206. Movemento DIY (faino ti mesmo) e maker

Impulsaremos o movementos “faino ti mesmo” así como a introdución de actividades TIC actuais, como Domótica, impresión 3D, e hardware aberto. Deste xeito, promoveremos a reciclaxe, a aprendizaxe e o aforro da cidadanía, reducindo deste xeito o noso impacto ecolóxico. Tamén favoreceremos o acceso a recursos tecnolóxicos actuais.

207. Espazos para a expresión cultural

Crearemos espazos para a expresión cultural da cidade, favorecendo a pro-

moción e a visualización de grupos musicais, teatrais, de danza, e outras disciplinas artísticas, nas diversas instalacións municipais e na Rede de Centros Cívicos.

208. Ocio nocturno e saudable

Favoreceremos un ocio nocturno saudable para a mocidade e ofertaremos, nos centros cívicos e noutros espazos da cidade, alternativas de ocio saudable, responsable, igualitario e participativo.

209. Infancia, adolescencia e xuventude

Impulsaremos programas específicos para a infancia, a adolescencia e a xuventude que sirvan de apoio aos centros educativos e ás familias, nos que se traten diferentes temas (lectura, información sobre prevención de riscos, saúde, sexualidade, substancias, etc.) dende unha perspectiva lúdica e formativa. Recuperaremos a función da Rede de Centros como Puntos de Información Xuvenil.

210. Programa de envellecemento activo

Crearemos un programa de envellecemento activo na Rede de Centros Cívicos e unha Escola de maiores onde abordaremos estilos de vida saudables para o envellecemento activo, incorporando actividades específicas e adaptadas de estimulación cognitiva e coidado físico, así como lúdicas e de dinamización sociocultural dirixidas a persoas maiores.

4.7 Educación

Continuaremos a impulsar a construción dunha cidade educadora, recoñecendo o rol dos centros educativos e a súa contribución á vida en común no municipio. Pese a que a educación non é competencia municipal, si hai moitos temas educativos relacionados coas políticas de proximidade: ocio, cultura, deporte, formación musical, coidados, convivencia na diversidade, relación coa contorna, educación en igualdade, encontro interxeneracional, ou servizos de conciliación.

211. Conciliación nos Centros Cívicos e educativos

Aumentaremos os programas de conciliación durante os períodos non lectivos, con especial énfase na época estival, establecendo un programa durante o mes de agosto para testar a demanda nese período. Poremos en marcha un programa piloto de conciliación no espazo educativo María Miramontes, en Fontiñas, e unha programación de actividades de lecer e formativas.

212. Consellos Municipais de Educación e de Infancia

Crearemos órganos de participación, consulta e asesoramento da comunidade educativa, e outros específicos de participación dos nenos e nenas na vida do municipio.

213. Observatorio Municipal de Convivencia Escolar

Crearemos o Observatorio Municipal da Convivencia Escolar con representantes de centros educativos que sexan responsables das comisións da convivencia ou servizos de mediación ou orientación, e tamén coa participación de alumnado de bacharelato e secundaria.

214. Programa de actividades “Rúas para a infancia”

Crearemos un programa piloto para que as crianzas gocen das rúas e dos espazos públicos, valoren criticamente o seu uso e fagan propostas de cambio. Tamén ampliaremos o programa de itinerarios escolares seguros.

215. Escola infantil de Santa Marta

Impulsaremos a creación dunha nova escola infantil para atender a zona sur do concello, con capacidade para 80 alumnas e alumnos en dúas liñas de 0 a 3 anos.

216. Comedores escolares

Abriremos o debate sobre que modelo de comedores escolares desexamos para as nosas crianzas. Poñendo en valor os avances conquistados neste mandato, abriremos un debate no que se poidan estudar todas as alternativas para que o modelo sexa o mellor para as familias.

4.8 Santiago Solidario

Non podemos ser indiferentes ás desigualdades e ao sufrimento. Debemos actuar localmente, reivindicando a importancia das políticas locais contra as causas e consecuencias, globais e locais, da pobreza, as desigualdades e a insustentabilidade ambiental. Queremos unha cidade solidaria, empática, respectuosa e responsable co cumprimento dos dereitos humanos. Apoiaremos ás persoas migrantes, e colaboraremos coas entidades de cooperación e solidariedade.

217. Plan Municipal de Migracións

Poremos en marcha medidas específicas para recoñecer e incorporar a riqueza multicultural que habita no noso municipio, atendendo ás necesidades, garantindo dereitos, aproveitando as oportunidades, e prestando especial atención ás persoas que quedaron excluídas da cobertura estatal e autonómica e que, en consecuencia, se atopan en situación de vulnerabilidade.

218. Unidade de Atención a Migracións

Reforzaremos a UAMI con persoal específico suficiente para que sexa un centro de atención de referencia para as persoas migrantes. Activaremos unha Mesa Municipal de Migracións para dinamizar a participación do tecido asociativo, e desenvolveremos campañas de sensibilización contra os discursos do odio.

219. Consello Municipal de Cooperación e Solidariedade

Poñerémolo en acción como espazo de interlocución institucional activa coa sociedade civil e as ONGD da cidade, de rendición de contas e transparencia e de procura de consensos políticos.

220. Convocatoria de Subvencións de Cooperación ao Desenvolvemento

Estudaremos a posibilidade de ampliar os eidos de actuación da nosa política de cooperación incorporando outras liñas de axudas destinadas á acción humanitaria, educación para o desenvolvemento e a cidadanía global. E procuraremos avanzar na publicación de convocatorias bianuais que amparen actuacións máis ambiciosas e de máis impacto. Fomentaremos a avaliación en terreo dos proxectos desenvolvidos, e a visita a Compostela de contrapartes e persoas beneficiadas por iniciativas desenvolvidas con financiamento municipal.

221. Catálogo da Rede Compostelá de solidariedade

Elaboraremos un catálogo de servizos e recursos públicos e privados para a acollida e atención das persoas refuxiadas e migrantes que viven no Concello de Santiago de Compostela, e impulsaremos unha tarxeta de cidadanía compostelá para facilitar os procesos de inclusión social, autonomía e participación.

222. Programa Compostela +Solidaria

Estenderemos este programa, que foi posto en marcha en colaboración coa Coordinadora Galega de ONGD, co obxectivo de chegar a todos os barrios e centros de ensino do Concello.



**A COMPOSTELA
QUE LATEXA**

5. A COMPOSTELA QUE LATEXA

A Compostela que latexa é aquela que sabe que o seu corazón reside na súa cultura, no seu deporte, na súa xente moza, na participación, no seu pasado e na súa lingua. Santiago de Compostela é a verdadeira capital cultural de Galicia, unha urbe que recuperou o seu latexo nos últimos catro anos, grazas a unha decidida aposta do goberno de Compostela Aberta. Cremos na nosa capacidade de crear, xestionar, compartir e cuestionar a representación e a experimentación da nosa realidade colectiva. Queremos desenvolver a idea de facer cidade, de facer de Santiago algo propio e común. Nestes catro anos iniciamos a transformación dun modelo de xestión e goberno que buscou o centro na participación, descentralización e diversificación de actividades. Froito deste traballo naceron programas como a SELIC (Semana do Libro de Compostela) referente hoxe en Galicia. Abordamos reformas e melloras en instalacións deportivas coma os Estadios Verónica Boquete de San Lázaro, Santa Isabel e Cancelas. Convocamos un concurso aberto de proxectos para a dirección do Auditorio de Galicia. Impulsamos convocatorias por concorrencia pública como as axudas bianuais a proxectos culturais, as de proxectos didácticos para os centros de educación ou as de intervencións artísticas na Zona C... Promovemos a cesión de espazos públicos ao tecido asociativo e descentralizamos aos barrios a acción cultural e as Festas da

Ascensión e o Apóstolo. Recuperamos a celebración da Festa do Banquete de Conxo, como exercicio de valorización da memoria cívica e celebración lúdica e participada pola veciñanza, facendo dun barrio un espazo central de celebración cidadá. Levamos a participación da cidadanía na vida do concello ao nivel de decisión, mediante os Orzamentos Participativos, e rendemos contas ao vivo e en directo, cara a cara coas persoas nos barrios e parroquias. Mecanismos que no próximo mandato se verán fortalecidos e mellorados, para que a xente presente as súas demandas, decida sobre elas, e pida explicacións sobre o feito co diñeiro de todas e todos. E impulsamos a promoción do uso da lingua galega na infancia, nos centros escolares e no mundo da empresa, alén de nas nosas relacións institucionais e cotiáns.

O reto para os vindeiros anos é maior, coa oportunidade do Xacobeo 2021, que debe dar lugar a unha promoción cultural máis ambiciosa e responsable co ben común. Continuaremos apostando pola participación cidadá como ferramenta de transformación social, activando as políticas culturais e deportivas, abrindo máis espazos municipais á creatividade social. Apoiaremos os deportes e as expresións culturais minoritarias; recuperaremos o noso patrimonio máis descoñecido e as orixes da nosa cidade, así como a nosa Memoria Democrática. Melloraremos as instalacións deportivas dos barrios, e descentralizaremos as festas e a cultura. Faremos cidade entre todas e todos, para todas e para todos.

5.1 A cultura, un ben para todas

Un Concello comprometido co ecosistema cultural local. A cultura é un dereito universal, un ben común do cal todas as persoas poden participar. Promoveremos unha visión transversal da cultura como ferramenta de transformación social, e baixo principios de igualdade, atención á diversidade, innovación e investigación, participación... Queremos continuar a loita contra a precariedade na cal aínda se atopa boa parte do ecosistema cultural local, apoiando os proxectos da cidadanía como creadora e consumidora de cultura. E traballaremos para abrir públicos, formatos, e estilos, colaborando co sector profesional e co amator, mediante unha política pública transparente e responsable.

223. Plan Estratéxico da Cultura

Seremos a primeira cidade galega en elaborar un Plan Estratéxico de Cultura partindo dunha avaliación consensuada por axentes sociais e culturais, institucións públicas e privadas e grupos políticos, que avalíe a situación do mapa cultural da cidade e oriente as políticas públicas municipais no marco do novo contexto socioeconómico.

224. Cidade Creativa da Unesco

O goberno de Compostela Aberta xa presentou a candidatura para que Santiago se adira á Rede de Cidades Creativas da UNESCO no apartado de Cine. Esta rede foi creada en 2004 para promover a cooperación entre as urbes que consideren a creatividade como un factor estratéxico para o seu desenvolvemento urbano sostible, e na actualidade forman parte dela 180 cidades.

225. Apoio ao sector cultural

Consolidaremos, completaremos e incrementaremos a dotación das convocatorias de axudas competitivas á produción cultural, dimensionadas e adaptadas á realidade do sector, mediante a regularización da periodicidade das convocatorias e a diminución das axudas nominativas, que serán limitadas a proxectos estables, emblemáticos e estratéxicos. Ademais, crearemos unha convocatoria de bolsas de axuda á creación e á investigación no sector cultural para promover a creación artística local.

226. Residencias e procesos de creación

Promoveremos e desenvolveremos un modelo de talleres-residencias de artistas nos centros de ensino, en colaboración coas comunidades educativas. Tamén, ampliaremos e consolidaremos o uso de espazos públicos para apoiar os procesos de creación dos axentes culturais da cidade, a través de proxectos de residencia, intervención e comisariado.

227. Rede local de artes ao vivo

Artellaremos e consolidaremos unha Rede Local de Artes ao Vivo como imaxe identificativa de Compostela no plano local e internacional, promovida a través de convenios coas asociacións de establecementos comerciais e veciñais, tomando como modelo a Rede de Música ao Vivo.

228. Obradoiros de formación

Realizaremos obradoiros para a formación que permitan o coñecemento directo de experiencias levadas a cabo noutros contextos.

229. Programas de acceso a actividades culturais

Poremos en marcha varios programas de acceso a actividades culturais para a infancia, para a zona rural do concello, para os maiores de sesenta e cinco anos e outro para os menores de trinta anos

230. Axenda Cultural única

Crearemos unha Axenda Cultural única de cidade que incorpore toda a programación da cidade, tanto a institucional como a de programadores particulares ou do tecido asociativo. A axenda será xestionada desde os servizos municipais pero estará aberta a recoller as propostas de toda a cidadanía.

231. Bono cultural

Incorporaremos á tarxeta cidadá o Bono C para que funcione como bono cultural que permita acumular descontos ou beneficios xustificando o consumo de cultura na cidade, facilitando o acceso á cultura e dinamizando o consumo cultural da cidade mediante a fidelización cultural. A cidadanía de Santiago terá condicións especiais para o acceso aos espectáculos organizados desde o Concello. Buscaremos alianzas con outras institucións culturais da cidade para que se poidan sumar ao catálogo de servizos ofertados.

232. Plan de activación das artes nas zonas verdes

Elaboraremos un plan de activación das artes nos parques e zonas verdes da cidade, que permita ordenar o aproveitamento artístico dun dos grandes valores patrimoniais e naturais de Compostela.

233. Carta da Igualdade nas Artes escénicas

Tras asinar neste mes de maio a Carta da Igualdade Muller-Home nas Artes Escénicas, garantiremos unha participación feminina paritaria na produción e programación artística municipal.

234. Auditorio de Galicia

Reforzaremos o papel do Auditorio de Galicia como organismo executor das políticas culturais de democratización cultural. Realizaremos unha adaptación dos estatutos da entidade para axilizar a xestión, reorganizar a súa estrutura e asociar directamente a marca Compostela Cultura co organismo autónomo de cultura municipal. E reforzaremos a súa programación musical para todos os públicos.

235. Melloras nos equipamentos

Melloraremos as infraestruturas e equipamentos culturais, e as instalacións técnicas e de accesibilidade no Teatro Principal e no Auditorio de Galicia. Realizaremos un regulamento de uso destes equipamentos municipais, que garanta o dereito de acceso á cultura da cidadanía compostelá e que transparente as súas cesións.

236. Reforzar as iniciativas consolidadas

Continuaremos a reforzar as iniciativas xa consolidadas como é o caso de Cineuropa e Cortocircuíto, a SELIC ou o WOS como elementos e piares dunha programación de calidade e de vangarda. Propostas culturais esenciais hoxe en día no latexo cultural da cidade.

237. Aula de Cultura na Carreira do Conde

Conveniremos con Afundación o acondicionamento e uso da antiga Aula de Cultura situada na Carreira do Conde, que se integrará no futuro Centro Cívico do Ensanche. A sala deste equipamento está, actualmente, en desuso, a pesar de encontrarse en perfecto estado. Permitirá aumentar a programación cultural e funcionará como punto de encontro entre a Cidade Vella e o Ensanche.

5.2 Festas e Xacobeo 2021

Continuaremos coa liña iniciada en 2015 de descentralización espacial, temporal e orzamentaria das festas. A cultura debe fomentarse en todas partes, todo o ano, e non en lugares privilexiados en datas determinadas. Propoñemos aplicar ao Xacobeo este modelo de festas para todas e para todos, convertendo o evento nunha festa coa que recibir á xente que nos virá visitar, integrando en igualdade de condicións os valores galegos, estatais e internacionais para situarnos no contexto europeo como unha cidade con identidade propia e capacidade de interlocución.

238. Festival Compostela é Música!

Impulsaremos un gran festival de bandas compostelás con motivo do Xacobeo para dar a difundir o noso patrimonio musical propio. O cerne desta proposta musical será o censo, xa elaborado neste mandato, de grupos de Santiago Compostela é Música!

239. Plan de visibilización dos barrios e parroquias

Elaboraremos un Plan de visibilización da cultura e das festas propias de cada un dos barrios e parroquias de Santiago. Unha ferramenta que valorice as nosas tradicións e que funcione tamén para o seu maior coñecemento entre o conxunto da cidadanía. Aproveitando o Xacobeo no conxunto do municipio e non só nos barrios centrais ou turísticos.

240. Residencias artísticas e BMM

Proveremos un programa de residencias artísticas vinculadas aos Camiños de Santiago, para potenciar o diálogo intercultural europeo e incorporaremos ao programa do Xacobeo 2021 a nosa Banda Municipal de Música.

241. Mapa de arte na Rúa

Elaboraremos un Mapa de Puntos activos de Arte na Rúa durante o Xacobeo 2021. Trátase de identificar, habilitar e sinalar unha serie de espazos públicos nos que se desenvolven de xeito regular actuacións artísticas, intervencións culturais e arte urbana, para promocionar a rede de espazos verdes da cidade e descentralizar as actividades culturais vencelladas ao Xacobeo.

242. Eixo Cultural do Parque de Belvís

De cara ao Xacobeo 2021 promoveremos un polo cultural na entrada principal do Camiño francés na cidade. O barrio de San Pedro sería o protagonista

deste Eixo Cultural, nomeadamente o Parque de Belvís mais tamén a Rúa dos Concheiros, a Rúa de San Pedro, e a Porta do Camiño.

243. Grandes eventos no Multiusos

Continuaremos a programar grandes eventos no Multiusos Fontes de Sar como xa foron os de Bob Dylan, Halloween, Tribalistas ou o xa previsto do Cirque du Soleil. No ano 2021 reforzaremos esta partida orzamentaria para conseguir unha programación máis ambiciosa que recupere definitivamente o recinto como un espazo escénico e musical máis da cidade, e esixiremos ás demais administracións que nos acompañen neste esforzo, centralizando os grandes espectáculos do Xacobeo na nosa cidade.

5.3 Deporte é saúde

O noso compromiso de políticas deportivas parte da idea do deporte como saúde e como medio de socialización para a veciñanza, en todos os seus ámbitos, desde o deporte amador ata o profesional. Traballaremos en tres eixes fundamentais: o compromiso co mantemento e a xestión pública das nosas infraestruturas; a aposta polos deportes e ámbitos deportivos minorizados (feminino, escolar, persoas con diversidade); e a Compostela capital deportiva, sede de institucións e grandes eventos. As competicións deportivas servirán como ferramenta para desestacionalizar o turismo, pero tamén como escaparate e alicerce para as diferentes entidades e prácticas deportivas do noso concello.

244. Plan de mellora e mantemento de instalacións

Continuaremos coa reforma e mantemento das instalacións que ten o departamento ao seu cargo e que levan anos con necesidade de obras importantes, como é o caso do pavillón de Vite, Quiroga Palacios ou os campos de fútbol do Sergas, Cancelas e Conxo. Ademais, elaboraremos un plan para mellorar a accesibilidade ás instalacións deportivas como xa temos feito no pavillón Monte dos Postes ou no de Santa Isabel.

245. Xestión municipal de XADE

No actual mandato, conseguimos que o Multiusos de Sar voltase á normalidade, auditando e actualizando as contas de XADE ademais de relanzar o equipamento coa programación de grandes eventos como a Supercopa ou concertos como o de Bob Dylan. No próximo mandato garantiremos a maioría da parte pública na xestión das instalacións e a súa titularidade municipal, a través da transformación de XADE nun ente público.

246. Piscina cuberta no Multiusos

Cubriremos a actual piscina do Multiusos Fontes do Sar con unha cuberta acristalada que substitúa o actual globo a presión. A nova cuberta permitirá usar a piscina con garantías durante todo o ano e un maior número de horas.

247. Estadio Verónica Boquete

Continuaremos coa remodelación do Estadio Verónica Boquete, iniciada no actual mandato. Avanzaremos na ordenación dos espazos existentes dentro do estadio, co fin de continuar o seu aproveitamento como centro neuráxico e casa común do deporte compostelán; reforzado coa construción, nas súas inmediacións, da Cidade da Raqueta

248. Xestión da Cidade da Raqueta

Unha vez construída a cidade da raqueta impulsaremos un modelo de xestión compartido coas federacións de squash, tenis de mesa e bádminton. Procurando fomentar a práctica e tecnificación destes deportes, ademais de atraer competicións de ámbito estatal e internacional.

249. Área deportiva en Sar

Crearemos unha área deportiva nas Brañas de Sar, de acordo cos intereses da veciñanza do barrio, que contará con pistas polideportivas, de tenis e de paddle e un espazo de uso comunitario, respectando a contorna e integrándoas no espazo natural.

250. Nova piscina en Santa Marta

Planificaremos unha nova piscina cuberta no ámbito de Santa Marta, para dar mellor servizo a toda a cidade e, en especial, á zona sur. Co fin de integrala na rede de piscinas públicas conxuntamente coa de Santa Isabel e a do Multiusos.

251. Axudas aos clubs e federacións

Seguiremos aumentando a bolsa de subvencións de concorrencia competitiva, con atención á especificidade que teñen as diferentes disciplinas deportivas.

252. Deporte feminino

Seguiremos apostando polo deporte feminino, tanto no apoio ás equipas e

clubs como na aposta firme por que a nosa cidade sexa sede de competicións, como o Campionato de España de seleccións autonómicas ou unha das fases do Campionato de Europa de fútbol sub19.

253. Deportes minoritarios

Continuaremos co programa desenvolvido nos últimos dous anos de campañas de fomento dos deportes minoritarios, baixo a lóxica de difundir e consolidar a súa presenza no concello.

254. Festa e Gala do Deporte

A celebración da Festa do Deporte serve como ferramenta para que clubs, equipas e federacións se acheguen máis á sociedade, especialmente entre as rapaces e rapaces en idade escolar, papel semellante ao cumprido pola Gala do Deporte, onde se homenaxeán as figuras importantes no ámbito deportivo da cidade que destacaron polos seus logros ou pola súa traxectoria. Ambos eventos cumpren un papel fundamental na difusión da práctica deportiva como escaparate de modalidades, clubs e valores.

255. Deporte e diversidade

Desenvolveremos un programa deportivo específico que atenda ás necesidades das persoas con diversidade funcional en colaboración cos clubs e coa Federación.

256. Divulgación deportiva

Continuaremos co programa de divulgación a través de charlas e actividades nos centros educativos, aproveitando o exemplo de figuras destacadas do tecido deportivo santiagués para despertar interese entre a rapazada.

257. Grandes eventos deportivos

O noso Concello caracterizouse estes anos por ser sede de grandes eventos deportivos, non só nas categorías absolutas e en disciplinas de seguimento masivo como a Supercopa de Baloncesto, senón tamén como sede de competicións en outras modalidades e categorías deportivas, como o Mundial de Xadrez sub 12, 10 e 8, o Campionato de España de Loita, ou de Cadete e junior de Kárate, entre outras. Manteremos a aposta neste sentido, conscientes do impacto que este tipo de actividades teñen, tanto na difusión da práctica deportiva como na economía local.

5.4 Xuventude activa

Somos conscientes que á Mocidade é un dos sectores da sociedade que debe ser motor de vitalidade, inconformismo e dinamismo. Da necesidade de ter espazos propios que permitan desenvolver as súas inquedanzas en todos os ámbitos da vida. Así, a través dos Orzamentos Participativos a mocidade compostelá escolleu aquelas actividades e programas que quixo desenvolver no seu Concello, facendo incidencia no equilibrio territorial ou en programas formativos nos centros educativos que tratan de incidir no comportamento dos máis novos para loitar contra as violencias machistas e diferentes problemáticas que afectan a mocidade. Todo este proceso foi acompañado da apertura dun novo espazo propio para a Mocidade no Centro Xove da Almáciga xunto coa construción dos locais de ensaio que melloran a dotación que existía antes no Estadio Verónica Boquete.

258. Teatro foro

Continuaremos coa actividade de Teatro Foro nos centros de ensino, tratando de facer conscientes aos mozos e mozas dos problemas que os rodean e dotándoos de ferramentas que lles permitan afrontar determinadas situacións de risco como consumo de drogas, violencias machistas ou acoso escolar.

259. A mocidade decide

Impulsaremos os Orzamentos Participativos para a Mocidade, como ferramenta de decisión e esollas das actividades que se desenvolven ao longo do ano. Ademais incrementaremos a partida sobre a que xente xoven poda decidir, ata alcanzar os 125.000 € ao ano.

260. Locais de Ensaio

Dinamizaremos os grupos de música mozos e os novos locais de ensaio, co horizonte da participación de formacións e artistas locais nas festas do concello e dos barrios conectaremos estes grupos co censo 'Compostela é Música'

261. Centro Xove da Almáciga

Recolleremos as demandas da mocidade para definir a programación deste espazo

262. Programas municipais específicos para a mocidade

Dentro da Rede de Centros Cívicos, estableceremos programas específicos para a xuventude, orientados tanto ao ocio nocturno saudable, responsable, e igualitario, como a programas de apoio en relación con temas de interese como a saúde e a prevención de riscos asociados a sexualidade, substancias, etc., desde unha perspectiva lúdica e formativa. Recuperaremos a función dos centros como puntos de información xuvenil.

5.5 Democracia para decidir

Hai catro anos iniciamos outra forma de estar e facer política, coa democracia participativa como eixe da toma de decisións e da acción de goberno. Apostamos por un Concello por e para as persoas, permitindo que a cidadanía participe do traballo e das decisións municipais. Puxemos en marcha medidas que aumentaron a presenza da cidadanía nas decisións importantes e no control da política municipal, como os Orzamentos Participativos, ou a rendición de contas a través dos Ao Vivo. Activamos e impulsamos consellos de participación cidadá, e foros de coordinación e colaboración con axentes sociais e económicos. No próximo mandato, aumentaremos e melloraremos os mecanismos de participación cidadá na vida municipal.

263. Expansión dos Orzamentos Participativos

Continuando seu proceso progresivo de aplicación, incrementaremos as áreas de participación/decisión e as contías económicas. Manteremos o carácter vinculante dos resultados na asignación de recursos, e tamén traballaremos para unha mellor definición das áreas territoriais de decisión.

264. Auditoría Cidadá

Actualizaremos e continuaremos o traballo destes catro anos, elaborando a través dos contactos directos con entidades e residentes dos barrios e parroquias, unha nova Auditoría Cidadá sobre o estado do municipio, que indique aquelas actuacións prioritarias en materia de dotacións, equipamentos, e servizos públicos de cara ao vindeiro mandato.

265. Encontros AO VIVO

Sistematizaremos a celebración dos encontros Ao Vivo, como ámbito no que render contas ante a cidadanía pola acción de goberno, recoller as súas demandas, e informar directamente sobre a realidade municipal, as accións e as políticas públicas postas en marcha desde Raxoi.

266. Casa das Asociacións

Será o espazo aglutinador e de apoio para todas as actividades desenvolvidas polo asociacionismo no noso concello. Para iso reforzaremos o servizo de asesoramento ao movemento veciñal e asociativo, con labores de dinamización, asistencia técnica para actividades e eventos, e creación e xestión dun espazo web ao servizo do movemento asociativo, para visibilizar e potenciar as súas actividades.

267. Matadoiro Compostela

Melloraremos a integración urbanística da Casa do Matadoiro e a comunicación entre a praza e o Parque de Belvís, mentres non se poida resolver a conexión prevista polo actual Plan Especial. A Casa manterá o seu carácter de xestión participativa, aberta a colectivos e veciñanza que queiran facer uso dela, compatibilizando ese uso con programas municipais de dinamización e fomento do seu emprego entre novos colectivos.

5.6 Memoria e patrimonio

Santiago de Compostela é un tesouro construído por xeracións de compostelás que, ao longo dos séculos, deron forma ao que hoxe somos. Un tesouro para conservar e aumentar e, por suposto, continuar a desfrutar e compartir. A nosa cidade é moito máis que unha postal turística. É, sobre todo, unha vivencia colectiva compartida. Por iso consideramos que o eixo central das políticas patrimoniais debe dirixirse a conseguir que as habitantes de Compostela fagan súas, coñezan, valoren e gocen de todas as manifestacións diso que chamamos patrimonio. Unha cidade que sabe mirarse no seu pasado, con memoria e se abre ao mundo sen renegar da súa singularidade.

268. 'Somos Santiago'

Reforzaremos e aglutinaremos, baixo este programa, as políticas de difusión do patrimonio e da memoria da cidade, dirixíndoas preferentemente ás veciñas e veciños de Santiago, incluíndo nel roteiros, charlas, publicacións... co obxectivo de pór en valor o noso patrimonio vital (oficios, experiencias de colectivos, barrios e parroquias), e reconectar á veciñanza con aqueles elementos patrimoniais que sofren maior presión turística.

269. Web de recursos patrimoniais

Publicaremos en formato dixital os materiais xerados nas diferentes activi-

dades de promoción e divulgación do patrimonio, así como outros recursos (mapas, gráficos, vídeos e audios explicativos) que faciliten a dispoñibilidade desta información, o seu coñecemento e a súa valoración.

270. Memoria democrática

Continuaremos a desenvolver iniciativas de restauración da memoria, con especial atención na reivindicación e restauración da dignidade daquelas persoas e colectivos que sufriron represalias pola súa acción e compromiso na loita por unha sociedade mais xusta.

271. Compostela Rupestre

Poremos en marcha o Centro de Interpretación da Compostela Rupestre en Villestro, que será o punto de partida do Roteiro polos petróglifos do monte de San Miguel. Conseguiremos os terreos do Castriño e do Petróglifo de Conxo, para a súa recuperación e posta en valor. Potenciaremos a difusión desta inmensa riqueza patrimonial entre a cidadanía, colaborando con outros concellos da comarca.

272. Castelo da Rocha Forte

Acondicionaremos o interior do castelo para posibilitar visitas accesibles, e habilitaremos unha área de estacionamento nas súas inmediacións. Continuaremos o programa de visitas ao conxunto das Fortalezas de Compostela (Castelo da Rocha e murallas da cidade), con especial protagonismo para a recuperación e protección do Arco de Mazarelos.

273. Memoria gráfica de Compostela

Crearemos un arquivo dixital de fotografías do municipio e as súas xentes, en colaboración coa veciñanza e o tecido asociativo de barrios e parroquias, nun proceso participado de recuperación da memoria do noso pasado mais recente.

274. Recuperación do patrimonio

Seguiremos a recuperar o noso patrimonio popular, como fontes, lavadoiros, carballeiras, e palcos de música. Son lugares onde tradicionalmente se desenvolveu a actividade comunitaria das parroquias, e que acumulan a historia vital das mesmas.

275. Celebrar a nosa historia

Tomando como exemplo o feito coa Festa do Banquete de Conxo, impulsaremos a recuperación da memoria de diversos fitos históricos de Compostela que marcaron a vida do noso municipio, e que actualmente están practicamente esquecidos, a través de formas lúdicas e participadas.

5.7 Galega e universal

A nosa lingua é a nosa maior obra colectiva e merece unha atención preferente. Nestes catro anos traballamos co fomento do galego no mundo da empresa e a infancia. Relanzamos os premios Manuel Beiras coa Cámara de Comercio e os ampliamos á publicidade comercial, creamos un directorio de empresas que traballan en galego, e abrimos camiño cos países da lusofonía. Promovemos o uso do galego na infancia a través do programa Apego. Agora, toca aproveitar a implantación da administración electrónica para impulsar o uso da lingua na administración, apostando polo galego como lingua de cohesión social na capital do país. Porque o galego é o noso xeito de estar no mundo.

276. Plan director de Lingua

O Concello de Santiago foi exemplo e pioneiro na aprobación e aplicación dun Plan de normalización lingüística que está a piques de cumprir vinte anos. Chegado a este punto, é necesario avaliarmos o que supuxeron estas dúas décadas para os usos do galego en Compostela e na súa administración, e elaborar unha nova estratexia concretizada nun Plan director de Lingua, adaptado á realidade actual e en colaboración cos diferentes sectores da sociedade.

277. Galego e empresas

Continuaremos a dedicar especial atención á potenciación dos usos do galego no ámbito comercial e empresarial. Completando programas como os xa iniciados Galegoempresas, Fotolingua ou os premios de publicidade comercial. Proporemos converter os Premios Manuel Beiras nunha gala anual que celebre o galego no mundo da empresa.

278. Centro Apego

Abriremos un Centro Apego na entreplanta situada no Ensanche entre as rúas de República de El Salvador e Xeneral Pardiñas. Máis de 400 m² de

dicados a actividades para a infancia con distintos espazos de xogo, de actuacións e de uso libre para a veciñanza. E cunha programación estable en lingua galega.

279. Web DeLingua

Potenciaremos a recentemente creada web do departamento, a primeira desde que existe o mesmo, dotándoa de recursos de todo tipo e facilitando, a través dela, materiais standarizados para ámbitos como a hostalería ou o comercio. Na mesma web habilitaremos un plan de recursos educativos de uso desde os centros de ensino.

280. #SenCancelas e #SenFronteiras

Continuaremos o programa #SenCancelas que oferta de ocio alternativo nun contexto de socialización propio, da mocidade, para desenvolver os seus intereses nos medios dixitais, con espazo propio para a lingua galega. E facilitaremos un novo programa #SenFronteiras para que as persoas chegadas de fóra e que desexen adquirir a competencia lingüística en galego poidan conseguir unha inmersión lingüística e cultural a quen o demande e desexe, como ferramenta de integración e cohesión social.

281. Casa da Lusofonía

Demandaremos, ao Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación, a creación da Casa da Lusofonía con sede na nosa cidade. A Casa será un instrumento útil e axeitado para vincularmos Galicia e España co mundo lusófono, aproveitando a ligazón lingüística a través do galego, que se vería reforzado coa localización estratéxica en Santiago de Compostela como sede das institucións galegas e capital de Galicia.

282. Foro da Lingua

Procuraremos un novo modelo participativo que supere o anterior Consello Municipal, a través do deseño e convocatoria dun Foro aberto a todas as entidades e ámbitos que queiran traballar no ámbito lingüístico. Cunha convocatoria periódica, e establecendo metodoloxías innovadoras, procuraremos abrir a colaboración transversal entre todos os participantes co fin de influír positivamente na situación do galego en Santiago de Compostela.



compostelaaberta.org